

VI

Vida oficial da RAG

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA (2019)

NECROLÓXICAS:

GIUSEPPE TAVANI (1924-2019) / Ramón Lorenzo

ANDRÉS FERNÁNDEZ-ALBALAT LOIS, A MORTE DO HOME XUSTO /

Xosé Ramón Barreiro Fernández

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2019)

Dende o 28 de marzo de 2017, a Comisión Executiva da Real Academia Galega está formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Víctor Fernández Freixanes
- Secretario: D. Xosé Henrique Monteagudo Romero
- Vicesecretario: D. Andrés Torres Queiruga
- Arquiteira-Bibliotecaria: D.^a Fina Casalderrey
- Tesoureira: D.^a Marilar Aleixandre

Relación dos actuais membros numerarios

1. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
2. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
3. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
Ingreso: 25 de novembro de 1992.
4. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
5. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
6. Excma. Sra. D.^a Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
7. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
8. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
9. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández.
Ingreso: 24 de outubro de 1998.
10. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
11. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
Faleceu o 29 de decembro de 2019.
12. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
13. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira.
Ingreso: 28 de setembro de 2002.
14. Excma. Sra. D.^a Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
15. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
16. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
17. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.
18. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yanes. Ingreso: 22 de abril de 2006.
19. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
20. Excma. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.

21. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.
22. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar. Ingreso: 12 de xuño de 2010.
23. Excmo. Sr. D. Xosé Henrique Monteagudo Romero.
Ingreso: 25 de febreiro de 2012.
24. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández. Ingreso: 2 de xuño de 2012.
25. Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández.
Ingreso: 14 de setembro de 2013.
26. Excma. Sra. D.^a Fina Casalderrey Fraga. Ingreso: 22 de novembro de 2013.
27. Excma. Sra. D.^a Marilar Aleixandre. Ingreso: 14 de xaneiro de 2017.
28. Excma. Sra. D.^a M.^a Xesús Pato Díaz. Ingreso: 23 de setembro de 2017.
29. Excma. Sra. D.^a Ana Romaní. Ingreso: 6 de abril de 2019.

Relación dos actuais membros de honra

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
Faleceu o 22 de marzo de 2019.
2. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
3. Excmo. Sr. D. Carlos Alberto Zubillaga Barrera.
Ingreso: 21 de abril de 2012.
4. Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova. Ingreso: 9 de novembro de 2013.
5. Excma. Sra. D.^a Nélida Piñon. Ingreso: 27 de setembro de 2014.
6. Excmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 3 de outubro de 2015.
7. Excma. Sra. D.^a Marina Mayoral. Ingreso: 2 de decembro de 2017.
8. Excma. Sra. D.^a María Rosa Lojo. Electa: 21 de decembro de 2019.

Relación dos actuais membros correspondentes por orde de ingreso:

1. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
2. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
3. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
4. Ilmo. Sr. D. Carlos Compañé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
5. Ilmo. Sr. D. Daniel D. Vidart. Ingreso: 5 de xullo de 1970.
6. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo.
Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
7. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
8. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
9. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
10. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
11. Ilma. Sra. D.^a Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.

12. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
13. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
14. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
15. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
16. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
17. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
18. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
19. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
20. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
21. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
22. Ilma. Sra. D.^a María Dolores Sánchez Palomino.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
23. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
24. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
25. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
26. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
27. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández.
Ingreso: 9 de outubro de 2004.
28. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
29. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
30. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
31. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
32. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.
33. Ilmo. Sr. D. Farruco Sesto Novas. Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
34. Ilma. Sra. D.^a Débora Campos Vázquez. Ingreso: 25 de marzo de 2011.
35. Ilma. Sra. D.^a Ana Isabel Boullón Agrelo. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
36. Ilmo. Sr. D. Xosé Henrique Costas González.
Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
37. Ilmo. Sr. D. Gonzalo Navaza Blanco. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
38. Ilmo. Sr. D. Antón Palacio Sánchez. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
39. Ilmo. Sr. D. Francisco Cerviño González. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
40. Ilma. Sra. D.^a Alba Nogueira López. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
41. Ilmo. Sr. D. Xavier Vence Deza. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
42. Ilma. Sra. D.^a Olivia Rodríguez González. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
43. Ilmo. Sr. D. Fernando Ramallo Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
44. Ilmo. Sr. D. José Manuel González Herrán. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
45. Ilma. Sra. D.^a Luz Méndez Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.

46. Ilma. Sra. D.^a María Goretti Sanmartín Rei. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
47. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Fraga Vázquez. Ingreso: 18 de xaneiro de 2013.
48. Ilmo. Sr. D. Clodio González Pérez. Ingreso: 5 de novembro de 2016.
49. Ilmo. Sr. D. Jorge Mira Pérez. Ingreso: 16 de decembro de 2016.
50. Ilmo. Sr. D. Carlos Xabier Rodríguez Brandeiro.
Ingreso: 16 de decembro de 2016.
51. Ilmo. Sr. D. Takekazu Asaka. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
52. Ilmo. Sr. D. Marcos Bagno. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
53. Ilma. Sra. D.^a Olga Castro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
54. Ilma. Sra. D.^a Helena González Fernández. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
55. Ilma. Sra. D.^a Kirsty Hooper. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
56. Ilma. Sra. D.^a Helena Villar Janeiro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
57. Ilma. Sra. D.^a Helena Zernova. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
58. Ilma. Sra. D.^a Carme Pazos Balado. Ingreso: 17 de marzo de 2018.
59. Ilmo. Sr. D. Afonso Vázquez Monxardín. Ingreso: 26 de outubro de 2018.
60. Ilma. Sra. D.^a Mercedes Queixas Zas. Ingreso: 14 de decembro de 2018.

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2019)

XUNTAS ACADÉMICAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante o ano 2019, nas seguintes datas:

Xuntas ordinarias

- 16 de marzo de 2019.
- 22 de xuño de 2019.
- 18 de outubro de 2019.
- 21 de decembro de 2019.

Xuntas extraordinarias

- 6 de abril de 2019.
Recepción de Ana Romaní como académica numeraria.
- 17 de maio de 2019.
Día das Letras Galegas dedicado a Antonio Fraguas Fraguas.

INGRESO DE ACADÉMICAS

DE NÚMERO:

Excma. Sra. D.^a Ana Romaní



Lugar e data de ingreso: Teatro Coliseo Noela, en Noia. 6 de abril de 2019.

Título do discurso: *Táctil resonancia.*

Da derrota dun esplendoroso veleiro, as voces flotantes e os cantos das baleas.

Resposta da Excma. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión.

Retrato de Ana Romaní.

Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2019



Fot.: Museo do Pobo Galego

No plenario celebrado pola corporación o 7 de xullo de 2018 elixiuse a Antonio Fraguas Fraguas (Loureiro de Cotobade, 1905 – Santiago de Compostela, 1999) como personalidade literaria a celebrar o Día das Letras Galegas de 2019.

Membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos (SEG) na mocidade, historiador, etnógrafo, director e presidente do Museo do Pobo Galego, profesor depurado polo franquismo e querido polo alumnado, narrador oral excepcional e intelectual cunha popularidade pouco común, Antonio Fraguas Fraguas dedicou a vida ao estudo da cultura e do territorio galegos desde distintos eidos, con especial atención e mestría á antropoloxía.

O plenario da Real Academia Galega considerou tamén o feito de que cos seus traballos e conferencias contribuíu a defender o galego como lingua de expresión válida para calquera coñecemento, unha idea cuxa reivindicación segue a ser necesaria.

A biografía de Antonio Fraguas é un percorrido por boa parte da historia galega do século XX. Entrou en contacto desde moi novo co galeguismo, cando estudaba bacharelato en Pontevedra, unha etapa decisiva no rumbo que seguiría. Alí empezou a xermolar, como alumno no Instituto Xeneral e Técnico, o seu interese pola cultura galega da man de docentes como Antón Losada Diéguez, Castelao e Ramón Sobrino Buhigas. Foi, de feito, un dos fundadores, en 1923, da Sociedade da Lingua, nada co obxectivo de defender o galego e de elaborar un dicionario. Xa na etapa universitaria en Santiago, ingresou, en 1924, nas Irmandades da Fala e colaborou co Seminario de Estudos Galegos, do que logo sería membro numerario.

Nesta institución inaugurou en Galicia, baixo a dirección de Ramón Otero Pedrayo, os estudos de xeografía histórica, e realizou diversos estudos etnográficos sobre a súa terra. Nestes tempos de mocidade publicou con asiduidade en *Nós* e *A Nosa Terra*. Comezaba unha obra, ampla e curiosa, con máis de trescentos libros e artigos de revistas, ademais de incontables anacos de xornais, nos que Galicia era o seu motivo esencial.

Antonio Fraguas escribiu sobre xeografía, cunha proposta de comarcalización da que aínda se pode seguir tirando proveito; cultivou a historia, deixando biografías de personaxes ilustres como Murguía ou Castelao e a que foi a súa tese de doutoramento, sobre o Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela; e fixo tamén achegas á arqueoloxía. Pero o campo no que quizais máis destacou foi o do estudo da cultura campesíña, e en especial da súa parte espiritual. Festas, crenzas, romarías, cantigas, usos e costumes, dicires etc., aparecen nos seus ensaios e conferencias, que eran, en palabras do profesor Eiras Roel, non só amenos relatos, senón unha manifestación temperá e adiantada para Galicia do que hoxe se deu en chamar a historia das mentalidades.

Tras exercer como profesor auxiliar de xeografía e historia na Universidade de Santiago de Compostela, en 1933 incorporouse como docente ao instituto da Estrada, posto do que foi separado ao comezar a Guerra Civil. Por este motivo tivo que dedicarse ao ensino privado, que exerceu nunha academia propia, a Menéndez Pelayo, aberta en 1938 na rúa Algalia de Abaixo de Santiago. A partir de 1942, unha vez revisado o seu expediente de depuración, compatibilizou a dirección desta escola coa docencia na Facultade de Filosofía e Letras, que reclamara os seus servizos, ata que en 1950 gañou unha praza de catedrático de instituto. Ensinou primeiro no Instituto Masculino de Lugo e en 1959 acadou o traslado ao daquela Instituto Feminino Rosalía de Castro de Santiago, onde compaxinou o ensino medio co universitario ata a súa xubilación forzosa en 1975.

Compaxinou tamén o ensino coa investigación en contacto con distintas institucións como o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento ou a Real Academia Galega, na que ingresou en 1956 co discurso *Coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade*. En 1963 foi nomeado director do Museo Municipal de Santiago en Bonaval e en 1976 participou na creación do Museo do Pobo Galego, do que foi director e presidente. Foi tamén, xa na Autonomía, coordinador da Sección de Antropoloxía cultural do Consello da Cultura Galega. Desde estas palestras organizou e colaborou en congresos e xuntanzas científicas que serviron de foro de discusión e de posta ao día do universo da etnografía galega.

Recibiu, entre outras distincións, o Pedrón de Ouro, a Medalla Castelao, o Premio Trasalba, a Medalla ao Mérito Cidadán e Cultural do Concello de Santiago, o Premio de Investigación e o Premio das Letras e das Artes da Xunta de Galicia, ou o nomeamento de cronista xeral de Galicia.

SESIÓN ACADÉMICA

A sesión extraordinaria e pública da Real Academia Galega do 17 de maio tivo lugar na carballeira de Famelga, en Cotobade, ás 11:30 horas, segundo o seguinte programa:



Orde das intervencións:

Ilmo. Sr. D. Clodio González Pérez

Excma. Sra. D.^a Fina Casalderrey

Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega

D. Víctor Fernández Freixanes



O académico correspondente Clodio González Pérez e os numerarios Fina Casalderrey e Francisco Díaz-Fierros durante as súas intervencións. Fot.: Xosé Castro.

“Estamos na carballeira de Famelga, que é como dicir que estamos no corazón primeiro das cousas, porque aquí, nesa casiña baixo os carballos, estaba a escola onde o neno Fraguas, guiado por un mestre que se chamaba coma el, descubriu as primeiras razóns do mundo, as primeiras chispas da curiosidade polo coñecemento, que habían de marcar toda a súa vida”. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, presentou con estas palabras o pleno extraordinario do Día das Letras Galegas dedicado a Antonio Fraguas, unha xornada de recoñecemento do labor de todos os mestres e mestras que, como logo faría el mesmo, “puxeron as pedras do futuro”.

A mañá arrincou coa inauguración dunha placa conmemorativa na fachada da vella escola de Famelga, onde Fraguas coñeceu o seu primeiro gran mestre.

Víctor F. Freixanes presidiu a sesión na carballeira de Famelga, un pleno público ao que asistiron numerosos representantes da vida cultural, social e política e a veciñanza de Cerdedo Cotobade, que quixeron sumarse á celebración da Academia. O acto contou con tres achegas arredor da vida e obra do homenaxeado, a cargo do académico correspondente Clodio González Pérez, quen trazou un percorrido pola súa biografía; a académica de número Fina Casalderrey, que profundou no labor docente deste “mestre de mestres”; e o académico de número Francisco Díaz-Fierros, que realizou unha análise da paisaxe na obra de Fraguas. A sesión concluíu coa interpretación do Himno por parte de integrantes da banda de gaitas e percusión Foula de Cerdedo Cotobade.



A Asociación Cultural Foula de Cerdedo Cotobade á actuou tamén antes da sesión plenaria. Foto: Xosé Castro



Foto de familia na carballeira de Famelga. Foto: Xosé Castro.

SIMPOSIO ANTONIO FRAGUAS



O *Simposio Antonio Fraguas* púxolle o ramo á celebración das Letras Galegas 2019 cun programa que arrincou o martes 26 de novembro na sede da Real Academia Galega (A Coruña) e continuou os días 27 e 28 no Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela). Ambas as institucións, o Consello da Cultura Galega (CCG) e a Fundación Antonio Fraguas organizaron conxuntamente este encontro, que xuntou unha vintena de voces para profundar na pegada de Antonio Fraguas na cultura galega e no seu legado nos estudos de etnografía e folclore, xeografía e arqueoloxía.

O secretario da RAG, Henrique Monteagudo; o académico correspondente e membro do padroado do Museo do Pobo Galego, Clodio González; e a antropóloga Luzia Oca González, membro da Comisión de Igualdade do CCG, coordinaron o simposio, que se desenvolveu co apoio da Xunta de Galicia, seguindo o seguinte programa:

Martes, 26 de novembro. Real Academia Galega

- 19:00 h Inauguración / **Víctor F. Freixanes**
- 19:15 h **ANTONIO FRAGUAS NA CULTURA GALEGA**
Sesión de relatorios. Coordina: Víctor F. Freixanes
Antonio Fraguas, de Insuela á Real Academia Galega /
María Xosé Fernández Cerviño
Algúns seres fantásticos da Galicia máxica de Antonio Fraguas /
Antonio Reigosa
Territorio e paisaxe na obra de Antonio Fraguas /
Francisco Díaz-Fierros Viqueira
- 20:15 CONCERTO
Cancioneiro de Cotobade
Oscar Ibáñez

A Real Academia Galega acolleu a primeira das tres xornadas do simposio. Na inauguración interviñeron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; a presidenta do CCG, Rosario Álvarez; o presidente do padroado do MPG, Justo Beramendi; e o secretario da Academia, Henrique Monteagudo, en representación da coordinación do programa.

Tras a apertura do simposio, María Xosé Fernández Cerviño afondou na traxectoria vital do homenaxeado. A historiadora mantivo un estreito contacto co homenaxeado desde a fundación do Museo do Pobo Galego. Antonio Fraguas foi o primeiro director e logo presidente desta institución, da que máis adiante a propia María Xosé Fernández Cerviño sería subdirectora. A relatora incidiu na pegada que deixou a infancia en Cotobade no Fraguas investigador, moi evidente no interese especial que sempre amosou pola tradición oral que tanto documentou, na que se centrou Antonio Reigosa desde a perspectiva da mitoloxía popular. Este recreou algunhas das achegas de Antonio Fraguas ao coñecemento e á interpretación do rico repertorio de mitos, ritos e figuras sobrenaturais da cultura popular tradicional galega.

Francisco Díaz-Fierros afondou noutra disciplina que cultivou don Antonio, a xeografía, na que foi seguidor de Ramón Otero Pedrayo. O científico centrouse nas súas achegas ao estudo do territorio e da paisaxe, centradas nos anos 50 do século pasado e moi adiantadas ao seu tempo.

A música e as coplas da terra natal do protagonista do Día das Letras Galegas 2019, Cotobade, soaron da man do gaiteiro Oscar Ibáñez e da súa banda, dando por finalizada a sesión.



Intervenientes na xornada inaugural, representantes das institucións organizadoras do Simposio Antonio Fraguas e familiares do protagonista do Día das Letras Galegas.
Fonte: RAG



Concerto de Oscar Ibáñez e a súa banda.
Fonte: RAG

Mércores, 27 de novembro. Museo do Pobo Galego

XEOGRAFÍA E ARQUEOLOXÍA

16:30 h **A xeografía e o seu ensino antes e despois de Antonio Fraguas**

Sesión de relatorios. Coordina: Clodio González Pérez

Os estudos de xeografía na primeira metade do s. XX en Galicia /
Francisco Durán

A xeografía en/de Galicia con e despois de Antonio Fraguas /
Valerià Paül

O profesor Antonio Fraguas /
Camiño Noia Campos

18:40 h **A arqueoloxía galega antes e despois de Antonio Fraguas**

Sesión de relatorios. Coordina: Henrique Monteagudo

Os antecedentes e o papel de Fraguas na arqueoloxía do SEG /
Francisco Calo Lourido

Fraguas e a arqueoloxía galega na segunda metade do s. XX /
Felipe Arias Vilas

A prehistoria e a arqueoloxía galegas desde os tempos de Antonio Fraguas
á actualidade. Novas orientacións /
María Pilar Prieto Martínez

O simposio continuou no museo que dirixiu dende a súa fundación, en 1977, e do que foi logo presidente, tras o pasamento de Xaquín Lorenzo.

O programa arrincou coas intervencións de Francisco Durán e Valerià Paül, profesores do departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, que achegaron o público á situación da xeografía e do seu ensino antes e despois de Antonio Fraguas e ás contribucións do homenaxeado neste campo.

Valerià Paül referiuse, entre outros aspectos, á súa relevancia no estudo comarcal e da paisaxe. A súa *Geografía de Galicia* (1953) introduciu ademais o problema da emigración, sinalando os novos destinos europeos e tamén incorporando a perspectiva das mulleres que ficaban no país, “as viúvas dos vivos”, engadiu Francisco Durán.

As achegas de Fraguas á arqueoloxía e a situación actual da disciplina centraron a segunda parte da xornada, que contou cos relatorios de Francisco Calo Lourido, patrón do Museo do Pobo Galego e académico correspondente; Felipe Arias Vilas, exdirector do Museo do Castro de Viladonga e profesor *ad honorem* da Facultade de Humanidades da USC; e María Pilar Prieto Martínez, profesora da Facultade de Xeografía e Historia da mesma universidade.

Pola esquerda, Valerià Paül,
Clodio González, Camiño Noia e
Francisco Durán. Fonte: RAG



Mesa dedicada á arqueoloxía.
De esquerda a dereita: Francisco Calo,
Felipe Arias, Pilar Prieto e
Henrique Monteagudo. Fonte: RAG



Xoves, 28 de novembro. Museo do Pobo Galego

ETNOGRAFÍA E FOLCLORE

16:30 h **A etnografía antes e despois de Antonio Fraguas**
Sesión de relatorios. Coordina: María Concepción Losada Vázquez

A etnografía galega ata os tempos de Antonio Fraguas /
Manuel Mandianes Castro

Antonio Fraguas, etnógrafo /
Clodio González Pérez

A etnografía en Portugal no tempo de Antonio Fraguas /
António Medeiros

18:40 h **Etnografía e antropoloxía no contexto galego do século XXI.**
Situación e perspectivas de futuro

Sesión de relatorios. Coordina: Luzia Oca

A etnografía en Galicia na actualidade: novas orientacións e retos /
Cristina Sánchez Carretero

Problemas e perspectivas da patrimonialización
dos bens etnográficos na Galicia do s. XXI / **Xosé C. Sierra Rodríguez**

Os vínculos entre as antropoloxías galega e portuguesa;
perspectivas para a colaboración no s. XXI / **Xerardo Pereiro**

O programa da última xornada foi presentado pola vicepresidenta do MPG, Concepción Losada, e por Luzia Oca, membro do comité organizador do simposio.

A primeira mesa redonda, sobre a antropoloxía antes e despois de Fraguas, contou cos antropólogos Clodio González, membro correspondente da RAG e patrón do Museo do Pobo; Manuel Mandianes, do CSIC; e Antónío Medeiros, do Instituto Universitário de Lisboa. A tarde continuou cunha mesa sobre a situación actual e as perspectivas de futuro da etnografía e da antropoloxía con Cristina Sánchez Carretero, coordinadora de antropoloxía do Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC; e Xerardo Pereiro, da Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro. Xosé Carlos Sierra, quen ocupou, entre outros cargos, as direccións do Museo Etnolóxico de Ribadavia e do Museo de Peregrinacións de Santiago, e a Subdirección Xeral de Museos e Patrimonio Histórico e Documental, non puido sumarse, tal e como estaba previsto, a esta parte do programa.

O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes; o presidente do padroado do Museo, Justo Beramendi; e a subdirectora xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, María Elvira Casal García encargáronse de clausurar o simposio.



Pola esquerda, Cristina Sánchez Carretero, Xerardo Pereiro e Luzia Oca.
Fonte: RAG



Clausura do Simposio: De esquerda a dereita, María Elvira Casal García, Xusto Beramendi, Víctor F. Freixanes, Manuel Vilar Álvarez, Luzia Oca e Cristina Sánchez Carretero

PRIMAVERA DAS LETRAS DEDICADA A ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



Cotobade foi a primeira fiesta ao mundo para Antonio Fraguas. Nestas terras da provincia de Pontevedra naceu e medrou, e a elas dedicou os seus primeiros traballos como antropólogo. E nelas comezou este ano a *Primavera das Letras* que a Real Academia Galega lle dedicou a quen elixiu como protagonista do Día das Letras Galegas 2019.

O 28 de febreiro de 2019, a institución presentou o proxecto web que ofrece material lúdico e didáctico arredor da vida e obra de Antonio Fraguas da man da comunidade educativa de Cotobade. O alumnado do CEIP de Carballedo e do veciño CEIP de Tenorio ofreceron a súa propia visión da traxectoria do intelectual cunha representación dramatizada da súa biografía e un vídeo. A directora do CEIP de Tenorio, Ana Porto Magariños, conduciu o acto, que se desenvolveu na biblioteca do CEIP de Carballedo. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e a académica Fina Casalderrey foron os encargados de presentar o proxecto.

Os nenos e nenas de ambos os colexios implicados protagonizaron a parte central do acto. Fixérono cunha representación *kamishibai* (teatro de papel) na que participou alumnado de todos os niveis, cun texto redactado nos primeiros cursos de primaria e ilustracións de cativos e cativas de infantil. Pechou a súa quenda a proxección dun vídeo elaborado en 5º e 6º de primaria coa técnica *stop motion*.

Un pequeno caracterizado como Antonio Fraguas nunha escena compartida cunha compañeira que representou o papel da súa dona, Teresa Martínez Magariños.
Fonte: RAG



Tras as actuacións do alumnado, Avelino Martínez Cimadevila, sobriño de Antonio Fraguas, pechou a celebración, que contou tamén coa participación do alcalde de Cercedo-Cotobade, Jorge Cubela, e de membros da Fundación Antonio Fraguas.

No marco do proxecto Primavera das Letras, a Real Academia Galega convocou a terceira edición do concurso Contádenos o voso Día das Letras, que premia proxectos desenvolvidos en centros de educación infantil e primaria arredor da celebración dedicada a Antonio Fraguas. Todos os traballos foron difundidos a través da web *Primavera das Letras*, creada pola institución para achegar dun xeito lúdico o público máis novo á figura homenaxeada o 17 de maio.

Un total de 83 centros de educación infantil e primaria de toda Galicia concorreu este ano ao concurso. As iniciativas dos CEIP de San Roque de Darbo (Cangas), da Ponte do Porto (Camariñas) e do CPI de Bembibre (Val do Dubra) foron as merecedoras dos tres galardóns. O CEIP de San Roque de Darbo presentou unha regueifa sobre Antonio Fraguas construída coa contribución do alumnado cangués. Os nenos e nenas do CPI de Bembibre profundaron no perfil do intelectual homenaxeado pola RAG nunha obra de teatro e os do CEIP da Ponte do Porto, ademais de celebrar un festival, emularon as súas investigacións etnográficas e recolleron nun libro exemplos do patrimonio inmaterial da súa contorna.

Os premios entregáronse o 15 de outubro de 2019, nun acto celebrado na sede da institución. Máis dun cento de alumnas e alumnos dos tres centros gañadores puxo en escena unha pequena mostra dos seus traballos.

O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, abriu e pechou o acto, acompañado de Fina Casalderrey, quen tamén interveu, e de Avelino Martínez, sobriño de Antonio Fraguas, que agradeceu en nome da familia esta nova homenaxe ao etnógrafo, xeógrafo e docente.



Alumnado, profesorado, familiares de Antonio Fraguas, membros da RAG e os demais participantes na entrega dos premios do concurso Contádenos o voso Día das Letras. Fonte: RAG

HORAS DE COMPOSTELA

HOMENAXE DA REAL ACADEMIA A SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

A Real Academia Galega dedicoulle ao escritor e académico Salvador García-Bodaño o Día Mundial da Poesía cun recital público no que voces das letras galegas de distintas idades leron e comentaron poemas do autor.

Baixo o título *Horas de Compostela*, a institución homenaxeou a quen, “como poucos, soubo erguer a voz e, en tempos ben miserentos, facer do canto un abeiro liberador, autenticador”. Son palabras do académico de honra Arcadio López-Casanova, compañeiro da chamada xeración das Festas Minervais xurdida “naqueles anos escuros” de finais dos 50, e autor da laudatio coa que arrincou o acto.

O serán, conducido pola poeta e música Andrea Porto, avanzou entre os versos escolmados e comentados para a ocasión por Dorés Tembrás, Xulio López Valcárcel, Alba Cid, Baldo Ramos e os membros da Academia Luz Pozo Garza, Margarita Ledo Andiñón, Xosé Luís Franco Grande, Darío Xohán Cabana, Helena Villar Janeiro e Marilar Aleixandre. Páxinas de *Ao pé de cada hora* (1967), *Tempo de Compostela* (1978), *Obra poética* (1993), *Pegadas no alcatrán* (1994), *Cidade virtual* (2003), *Cantos de ausencia. Elexías* (1959 -2002) e a achega de Salvador García-Bodaño a *Poetas con Rosalía I* (2006), son boa mostra todas elas da evolución de quen é unha das figuras máis destacadas da súa xeración.

Miro Casavella interpretou “Adeus”,
“Compostela” e “Se uas a compostela”.
Fonte: RAG



A parte musical correu a cargo de Miro Casabella, que converteu versos do homenaxeado en cancións.

O acto foise achegando á fin coa intervención do director da Sección de Literatura da RAG, Xesús Alonso Montero. O ramo púxoo o propio Salvador García-Bodaño, con palabras de agradecemento aos intervenientes, “membros de distintas xeracións que aseguran as letras da nosa cultura e o porvir da nosa fala”.

Todas as contribucións están recollidas nunha *plaquette* con limiar do presidente Víctor F. Freixanes, dispoñible en versión dixital na web da Academia.



Cuberta de *Horas de Compostela*



Os participantes no acto. Fonte: RAG

II CONCURSO DE MICRORRELATOS DA REAL ACADEMIA GALEGA E A ASOCIACIÓN PUNTOGAL

Neste ano 2019 a Real Academia Galega e a Asociación PuntoGal convocaron a segunda edición do certame de microrrelatos que crearon en 2018 co obxectivo de reforzar a presenza da lingua e a identidade propias no mundo dixital.

A nova edición presentouse o 30 de xaneiro de 2019 nunha conferencia de prensa na que estiveron presentes o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o presidente de PuntoGal e académico de número Manuel González así como o director xeral de PuntoGal Darío Janeiro. Nesta presentación tamén se lanzou unha promoción para o rexistro de novos dominios .gal.



Na segunda convocatoria do concurso participou case medio milleiro de textos de ata 200 palabras. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o presidente de PuntoGal e académico Manuel González; a escritora e académica correspondente Mercedes Queixas Zas; o director xeral de PuntoGal, Darío Janeiro; e a xornalista e coordinadora de *Luzes*, Valeria Pereiras, conformaron o xurado que avaliou os relatos presentados ao certame. O 22 de abril de 2019 anunciáronse os gañadores: a psicóloga e logopedista Jessica Rodríguez Sánchez fíxose co primeiro premio na modalidade de adultos cun relato titulado “A fiestra”. O mellor texto na modalidade xuvenil foi “Cacería nocturna”, de Óscar Fernández Freire, alumno de primeiro de bacharelato do Colexio Eirís da Coruña; e o primeiro premio de infantil mereceuno Claudia Martínez Asenjo, alumna de sexto de primaria no CEIP Monte dos Postes de Santiago de Compostela, co relato “O valor dos nomes”.

Na modalidade de adultos, o segundo premio foi para “A primeira palabra”, un texto presentado pola química e divulgadora científica Ángela Arnosa Prieto, veciña de Naraío (San Sadurniño), de 22 anos; e o terceiro foi para “Black Friday”, de Eduardo Cameselle Iglesias, vigués de 75 anos e enxeñeiro técnico xubilado.

Na modalidade xuvenil, Martina Lois Cuns, estudante de bacharelato do Colexio La Salle de Santiago de Compostela, fíxose co segundo premio por “Un día máis”; e Cristina Fojo Rubio, alumna do Colexio Calasanz Padres Escolapios da Coruña, gañou o terceiro con “O amigo mar”.

O xurado tamén premiou co segundo e o terceiro premio da modalidade de infantil os relatos “A fada Every”, de Alba Díaz Mera, alumna de sexto de primaria do CEIP A Gándara de Narón; e “O can enxesado”, de Pablo Mirás Sánchez, estudante do mesmo curso no CEIP de Rebordáns de Tui.

O 27 de maio entregáronse os galardóns no salón de actos da RAG, onde Jessica Rodríguez e as demais persoas galardoadas foron convidadas a ler cadansúa narración. Participaron tamén no acto os responsables da Academia e da asociación PuntoGal, así como o resto dos membros do xurado.

Os relatos gañadores están recollidos nunha publicación dixital dispoñible na web da Academia.



Boa parte dos premiados amosan os seus diplomas, acompañados de Víctor F. Freixanes, Manuel González e Darío Janeiro. Fonte: RAG.

CURSOS DE VERÁN DE LINGUA E CULTURA GALEGAS

GALEGO SEN FRONTEIRAS. XXXII EDICIÓN

A Real Academia Galega organiza os Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras”, destinados a persoas de fóra de Galicia, da man do Instituto da Lingua Galega e co apoio da Deputación da Coruña e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Baixo a dirección do secretario da RAG, Henrique Monteagudo, e o director do ILG e tamén académico, Xosé Luís Regueira, o programa, organizado en distintos niveis, permite que o alumnado goce dunha experiencia de inmersión no idioma e na sociedade galega.

A trixésimo segunda edición desenvolveuse do 2 ao 24 de xullo de 2019 en Santiago de Compostela e contou con preto de 70 estudantes procedentes de máis de vinte países de catro continentes. Representantes de todas as institucións implicadas recibiron o alumnado na inauguración dos encontros, que tivo lugar o 2 de xullo na Facultade de Filosofía.

Como nas anteriores edicións, o alumnado dividiuse en tres niveis, elemental, medio e superior. Ademais das aulas teóricas e prácticas que se desenvolveron de luns a venres, organizáronse relatorios de diversos persoeiros do mundo cultural galego e excursións para coñecer o patrimonio natural e artístico de Galicia. Nesta edición o programa de palestras e actividades complementarias foi o seguinte:

4 de xullo: Víctor F. Freixanes, Presidente da RAG, impartiu a conferencia inaugural “A Real Academia Galega e os retos do idioma galego”, na sede da Academia. Nesta xornada o alumnado tamén tivo a oportunidade de visitar a Torre de Hércules.



O alumnado, no salón de actos da Academia xunto ao presidente, Víctor F. Freixanes. Fonte: RAG.

8 de xullo: Antón Reixa, “A produción audiovisual como promoción da normalización lingüística”. No ano 2019 cumpríronse trinta anos da estrea das tres primeiras longametraxes comerciais galegas, *Sempre Xonxa*, *Urxa* e *Continental*. Nos anos seguintes a produción audiovisual estenderíase conquistando para a lingua propia territorios como o da creación de ficcións televisivas. Antón Reixa, nome esencial desta industria en Galicia, analizou o impacto destes avances no ámbito sociolingüístico



9 de xullo: Paulina Ceremuzynska, “As cantigas medievas galegas”. A cantante e musicóloga Paulina Ceremuzynska chegou o alumnado dos cursos á lírica medieval nunha conferencia-concerto que afondou nalgúns dos textos das *Cantigas de Santa María* de Afonso X O Sabio ou de Martin Codax.



11 de xullo: Acto coa Fundación Rosalía, “Unha experiencia multilingüe arredor de Rosalía de Castro”. O Colectivo de Poetas en Bruxelas é o responsable de *Rosalía en camiño. Diálogos literarios multilingües*, volume que recolle os poemas de oito autores nas súas respectivas linguas –francés, árabe, neerlandés, español e galego– en diálogo coa obra rosaliana. Os seus protagonistas, De Crits, Taha Adnan, Geert ven

Istendael, Serge Meurant, Silvia Vainberg, Bart Vonck e os galegos Ramón Neto e Xavier Queipo visitaron os Cursos “Galego sen fronteiras”.

13 de xullo: Excursión a Fisterra con paradas en Carnota, Lira, Muros e Noia.

15 de xullo: María Yáñez, “O galego nos medios de comunicación: oportunidades e desafíos no mundo dixital”. A directora da revista dixital *Vinte*, analizou as oportunidades e os desafíos para a lingua galega nos medios de comunicación do mundo dixital. A xornalista ofreceu ao alumnado un breve percorrido pola historia do xornalismo en galego.



O alumnado diante da ferverza do Ézaro, no Pindo. Fonte: RAG

16 de xullo: Celso Fernández Sanmartín, “Contar”. O narrador aprendeu a arte de contar escoitando “contadores naturais” que se criaron sen televisión . Na súa palestra abordou a actualidade e o valor da narración oral tradicional e compartiu cos estudantes exemplos deste modo de comunicación tanto falados como cantados, historias, contos e cantares todos eles da súa terra.

18 de xullo: Quico Cadaval, “Figuras do Demo. A procura dun teatro popular”. O dramaturgo, director e narrador escénico Quico Cadaval impartiu un relatorio sobre a historia do teatro galego.

19 de xullo: José Suárez Otero, “As orixes do camiño”. O arqueólogo investigador do Grupo de Análise Territorial da USC propuxo unha lectura da ruta xacobeá dende as fontes arqueolóxicas.

17 de xullo: Encontro de confraternidade, Parque de Bonaval. Ademais de probar petiscos de produtos da terra, compartiron cancións galegas aprendidas nas clases e melodías populares e versos dos seus respectivos países.





aCentral Folque foi a responsable da organización duns obradoiros de música galega, celebrados os días 8, 11 e 16 de xullo, da man de Xurxo Souto (“Océano para terrícolas”), Sergio de la Ossa (“Ouvir e cantar a música tradicional de Galicia”) e Mercedes Prieto (“Que se baila no serán?”).

Os XXXII Cursos de lingua e cultura galegas “Galego sen fronteiras” concluíron o 24 de xullo de 2019 cun acto de entrega de diplomas celebrado na Facultade de Filosofía.



Clausura da XXXII edicións dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Fonte: RAG.

IV XORNADA DE ONOMÁSTICA GALEGA: OS NOMES DAS RÚAS

O 19 de outubro de 2019, no Museo de Pontevedra, a Real Academia Galega celebrou a *IV Xornada de Onomástica Galega*. O encontro, organizado pola Academia coa colaboración da Deputación de Pontevedra e o propio museo, e coordinado polas académicas correspondentes Ana Boullón e Luz Méndez, estivo dedicado aos nomes das rúas e contou con catorce especialistas que profundaron no seu sistema de conformación nos centros urbanos de Galicia.



O programa prestou atención ao compoñente social, histórico e político que subxace nestes nomes e forneceu os participantes de exemplos de experiencias sobre esta temática desenvolvidas nos centros de ensino. Presentouse ademais unha proposta de modelo para as novas denominacións baseada na premisa de recorrer primeiro ás formas tradicionais previas antes ca ás conmemorativas.

O programa decorreu como segue:

Sesión de mañá

- 9:45 h Inauguración
- 9:45 h **A conformación dos nomes das rúas na Idade Media**
Primeira sesión. Presenta: **Antón Palacio**
Santiago de Compostela / **Gonzalo Hermo** (Universitat de Barcelona)
Baiona / **Gonzalo Navaza** (Universidade de Vigo)
- 12:00 h Segunda sesión. Presenta: **Antón Santamarina**
Apropiación do espazo público e memoricidio:
do golpe de 1936 ás políticas públicas da memoria /
Antonio Míguez Macho (Universidade de Santiago de Compostela)

13:00 h **Modelos de intervención didáctica**

Terceira sesión. Presenta: **Xulia Marqués**

A toponimia urbana como recurso didáctico:
un proxecto do IES Dionisio Gamallo de Ribadeo /
Suso Fernández Acevedo (IES Ribadeo)

Hai rúas nas aldeas?

Unha experiencia didáctica no Concello de Valga /
Pilar Buela e Carlos Montejano (IES Valga)

Sesión de tarde

16:10 h **A salvagarda da toponimia tradicional
fronte á hodonimia conmemorativa: a práctica da denominación
das rúas nos espazos urbanos**

Mesa redonda. Modera: **Luz Méndez**

Pontevedra / **Conchi Cochón** (SNL do Concello de Pontevedra)

Vigo / **Marta Souto** (SNL do Concello de Vigo)

A Coruña / **Iván Méndez** (Real Academia Galega)

Lalín / **Marta Negro Romero** (ILG)

18:45 h Proposta para un modelo de denominación hodonímica /
Gonzalo Navaza (Universidade de Vigo)

19:30 h Clausura

Os traballos presentados nesta IV xornada recolléronse no volume *Estudos de Onomástica Galega IV: os nomes das rúas*, en edición das académicas correspondentes Ana Boullón e Luz Méndez.



Intervenientes na IV Xornada de Onomástica Galega.



Cuberta da publicación que recolle os traballos da Xornada.

TOPONIMÍZATE. FALÁMOSCHE DOS NOMES DA TÚA TERRA

A campaña de divulgación da toponimia *Toponimízate. Coñece os nomes da túa terra* chegou a dezaoitos localidades nesta súa terceira edición. A Real Academia Galega coordina esta iniciativa, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, que se enmarca dentro dos proxectos Toponimia de Galicia e GeoArpad.



Entre os meses de novembro e decembro o especialista en toponimia Vicente Feijoo, membro do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega (RAG), impartiu charlas nas que, alén de profundar nos nomes dos lugares habitados, as persoas asistentes puideron coñecer a aplicación colaborativa *Galicia Nomeada* que permite participar na preservación e difusión da microtoponimia a través da súa xeolocalización. Ademais, explicáronse con exemplos prácticos as utilidades desta información xeolocalizada e normativizada para as distintas actuacións sobre o territorio dos técnicos municipais (PXOM, catastro...), para a promoción turística de elementos de interese cultural de cada concello ou mesmo para o ensino, polo carácter transversal e multidisciplinario dos contidos toponímicos.

Estas intervencións contaron coas achegas, na parte relativa á orixe e significado dos nomes dos concellos, parroquias e aldeas, do académico correspondente e profesor da Universidade de Vigo Gonzalo Navaza.

A axenda desta actividade foi a seguinte:

- Monterroso**, 12 de abril, IES de Monterroso.
- Mazaricos**, 4 de novembro, Casa da Cultura.
- Manzaneda**, 6 de novembro, CEIP de Manzaneda.
- Ribadavia**, 8 de novembro, Centro social de Ribadavia.
- Cambados**, 12 de novembro, IES Francisco Asorey.
- Beariz**, 15 de novembro, Casa do Concello.
- Ordes**, 18 de novembro, Casa da Cultura.
- Guitiriz**, 27 de novembro, Aula Cemit - Telecentro.
- Lalín**, 28 de novembro, Biblioteca Varela Jácome.
- Taboada**, 29 de novembro, Casa da Cultura.
- Muxía**, 4 de decembro, Biblioteca municipal.
- Noia**, 5 de decembro, Casa da Cultura.
- As Neves**, 11 de decembro, Centro de atención a persoas maiores.

Folgo do Courel, 16 de decembro, CPI Poeta Uxío Novoneyra.

Cerdedo Cotobade, 17 de decembro, IES de Cotobade.

Pazos de Borbén, 19 de decembro, Auditorio do Concello.

Vilalba, 27 de decembro, Casa da Cultura.

Fóra do territorio galego, o programa chegou a Carucedo. Na Casa consitorial de Carucedo, o 30 de novembro, Vicente Feijoo profundou na riqueza toponímica do país e explicou a orixe e o significado dos nomes de Galicia.

O 20 de decembro na sede da Real academia Galega presentouse, en conferencia de prensa, a ferramenta *Galicia Nomeada*, que pretende facilitar a cooperación cidadá interxeracional para a recolleita da microtoponimia. O espazo virtual permite aos usuarios xeorreferenciar os nomes do territorio da súa contorna e acompañalos de fotografías, textos e gravacións coa súa pronuncia, lendas asociadas ou descriucións.

Galicia Nomeada conta cunha versión de escritorio e tamén está dispoñible nunha aplicación para móbiles Android e iOS. Os topónimos introducidos polos usuarios son supervisados por un equipo de especialistas do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, responsable dos contidos da plataforma, desenvolvida ao abeiro dun acordo coa Xunta de Galicia no que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) asumiu a parte tecnolóxica. A plataforma chega acompañada da actualización do portal *Toponimia de Galicia*, no que colaboran igualmente a Academia e a Xunta de Galicia.



Vicente Feijoo na xornada celebrada en Pazos de Borbén. Fonte: RAG



Interface da web *Galicia nomeada*.

CONMEMORACIÓN DO 70 ANIVERSARIO DA COLECCIÓN BENITO SOTO

O venres, 22 de novembro, a Real Academia Galega celebrou os 70 anos da aparición da colección Benito Soto no Edificio Sexto do Museo de Pontevedra.

O proxecto co nome do pirata da Moureira, a primeira colección de poesía que publicou literatura en galego tras a guerra civil, naceu en Pontevedra en 1949 e editou con Sabino Torres á fronte, ata a súa desaparición en 1952, máis dunha ducia de libríños de versos de autores como os irmáns Álvarez Blázquez, Manuel María, Luís Pimentel, Manuel Fabeiro Gómez, Ricardo Carballo Calero ou Álvaro Cunqueiro.

A conmemoración arrincou coas intervencións do presidente da Academia e a presidenta do ente provincial, Carmela Silva, e contou tamén con tres participacións nas que se analizaron diferentes aspectos relacionados coa colección. O académico Xesús Alonso Montero detívose na propia historia da Benito Soto, “un capítulo valioso da causa da lingua e da poesía galegas”; a investigadora Ana Acuña profundou na súa relación con outros proxectos arredor da poesía impulsados por Sabino Torres moito tempo despois: a colección *Hipocampo Amigo* (1992) e *Olga*, a *Revista de poesía galega en Madrid*, un sonho do académico correspondente que se presentou ao público en xuño de 2016, pouco despois do seu pasamento; e a investigadora Patricia Arias Chachero defendeu a “importante influencia” de Aquilino Iglesia Alvariño na viraxe da colección Benito Soto cara ao galego.

Os versos acubillados polo selo soaron no Edificio Sexto nas voces de familiares de Xosé María Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Cuña Novás e Manuel Fabeiro —parte do catálogo de Benito Soto—, Eva Mejuto, Antón Sobral, Xaime Toxo e os académicos Xosé Luís Franco Grande e Marilar Aleixandre. O programa, conducido pola académica Fina Casalderrey, incluíu ademais a interpretación musical de poemas a cargo de Ánxeles Ruibal, filla de José Ruibal, outro dos poetas da colección Benito Soto.



OUTROS ACTOS E INFORMACIÓN

10 de xaneiro de 2019. A Real Academia Galega e a Academia Brasileira de Letras asinaron un acordo de amizade e colaboración. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o seu homólogo brasileiro, Marco Lucchesi, rubricaron o documento na sede da RAG, tras unha xuntanza en que coincidiron na importancia de estreitar os lazos entre as dúas linguas irmás e no potencial da lusofonía.

11 de xaneiro de 2019. 160 aniversario do nacemento de Alfredo Brañas. O Padroado Alfredo Brañas, coa colaboración do Concello de Carballo e da Real Academia Galega, organizou unha xornada de homenaxe na que participaron o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e o académico Xosé Ramón Barreiro.

14 de xaneiro de 2019. Inauguración do ano Antonio Fraguas na casa natal do autor. Nun acto conducido polo alcalde de Cerdedo Cotobade, Jorge Cubela, interviñeron o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o presidente do Museo do Pobo Galego e a Fundación Antonio Fraguas, Xusto Beramendi; o deputado de cultura da Deputación de Pontevedra, Xosé Leal; o director xeral de Políticas Culturais da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo; e o sobriño de Antonio Fraguas, Xosé Martínez. Logo das intervencións inaugurouse na fachada da casa natal unha placa conmemorativa, deseñada por un canteiro do lugar.

18 de xaneiro de 2019. No marco do congreso internacional celebrado en Pamplona para conmemorar o centenario da Euskaltzaindia, a Real Academia Galega, o Institut d'Estudis Catalans, a Real Academia da Lingua Vasca - Euskaltzaindia, a Fryske Akademy, Lo Congrès Permanent de la Lengua Occitana e EURAC - Institute for Applied Linguistics presentaron un protocolo de colaboración co propósito de promover o coñecemento e o respecto da diversidade lingüística do continente.

21 de xaneiro de 2019. Presentación da obra *Guía dos elementos químicos. Historia, propiedades e aplicacións*. No acto, celebrado na sede da Real Academia galega, estiveron presentes Manuel Rafael Bermejo Patiño, Ana González Noya e Marcelino Maneiro Maneiro, profesores de química inorgánica da Universidade de Santiago de Compostela e autores da guía, acompañados polo presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e Manuel González González, académico e coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), que edita a obra.

21 de xaneiro de 2019. IV Xornada de Normalización da Deputación de Pontevedra. O secretario da Real Academia Galega e coordinador do Seminario de Sociolingüística, Henrique Monteagudo, participou na xornada presentando un

avance do estudo sobre o galego na mocidade que está a desenvolver o seminario da Academia.

28 de xaneiro de 2019. Visita do alcalde de Cerdedo Cotobade á Real Academia Galega. Co propósito de ir perfilando os detalles da celebración do Día das Letras Galegas, o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, o secretario, Henrique Monteagudo, e a arquivista-bibliotecaria, Fina Casalderrey, así como o vicesecretario, Andrés Torres Queiruga, reuníronse con Jorge Cubela nunha xuntanza na sede da Academia na que tamén participaron a técnica de cultura de Cerdedo Cotobade, Mónica González, e Ana Porto Magariños e Francisco Javier Guimarey Mariño, directora e director do CEIP de Tenorio e do CEIP Plurilingüe de Carballedo, os dous colexios de Cotobade.

29 de xaneiro de 2019. Presentación de *La letteratura galega. Autori e testi*, antoloxía en italiano dedicada ás figuras homenaxeadas no Día das Letras Galegas. A obra é unha coedición de Giovanni Borriero, director do Centro de Estudos Galegos de Padua, e Gemma Álvarez Maneiro, exlectora do mesmo centro; está prologada polo académico Xesús Alonso Montero e conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Real Academia Galega. A presentación tivo lugar no Pazo de San Roque de Santiago de Compostela, e nela estiveron presente os autores acompañados do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e a subdirectora xeral de Política Lingüística, Lurdes Batán.

22 de febreiro de 2019. Presentación do calendario de actos do Ano Antonio Fraguas. O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes; o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez; o presidente da Fundación Antonio Fraguas, Justo Beramendi; a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez; o alcalde de Cerdedo Cotobade, Jorge Cubela; a concelleira de Acción Cultural do Concello de Santiago, Branca Novoneyra; e o director da área de contidos da CRTVG, Fernando Ojea, participaron na presentación, que tivo lugar no Museo do Pobo Galego.

22 de febreiro de 2019. Sinatura do convenio entre a Real Academia Galega e o Concello de Ames para o desenvolvemento do proxecto *I Mapa Sociolingüístico Escolar de Ames 2019-2020*. O Seminario de Sociolingüística analizará a situación da lingua entre a infancia e a mocidade do concello e propondrá posibles liñas de intervención para os distintos grupos de idade, co propósito de recuperar terreo para a lingua nun segmento de poboación fundamental para o seu futuro. No acto de sinatura estiveron presentes o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o alcalde de Ames, José Miñones, acompañados da concelleira de Normalización Lingüística de Ames, Isabel Vaquero, e do secretario da RAG e coordinador do Seminario de Sociolingüística, Henrique Monteagudo.

11 de marzo de 2019. Presentación do II Premio Morales. Este galardón, que naceu co propósito de promocionar o galego no Bierzo e a figura de Antonio Fernández Morales, lévase a cabo grazas á colaboración do Consello Comarcal do Bierzo, o Instituto de Estudos Bercianos, a Real Academia Galega, Edicións Positivas, o Grupo As Médulas para a Lingua e Cultura galegas do Bierzo, o Concello de Lubián, o Concello de Corullón e os gobernos de Galicia e Castela e León. A nova edición foi presentada no Concello de Vilafranca, no transcurso da XI Xornada Martín Sarmiento, nun acto no que interveu en nome da RAG o académico correspondente Héctor Silveiro.

12 de marzo de 2019. Encontro do presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, co presidente e o director da Fundación Celso Emilio Ferreiro, Xavier e Luís Ferreiro Loredó, e Alicia Ribas, membro do seu padroado, no que agasallaron a Academia con exemplares de *Miña Matria Galicia*. A edición desta obra, feita en papel artesanal, é unha pequena xoia con deseño e estampación asinados polo pintor e editor José Noriega, de tiraxe numerada. A xuntanza tivo lugar na sede da Real Academia Galega.

15 de marzo de 2019. Presentación da edición en galego da táboa periódica. No marco dunha xornada de conmemoración do seu 150 aniversario, o Consello da Cultura Galega, o grupo de investigación da USC CienciaNOSA, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Real Academia Galega de Ciencias e a propia Real Academia Galega distribuíron entre a comunidade científica e educativa 13.000 exemplares da edición galega da táboa periódica dos elementos.

22 de marzo de 2019. Visita á Real Academia Galega de Mario Vargas Llosa. O escritor, que se atopaba na Coruña para participar nun seminario internacional sobre a súa obra na UDC, foi recibido na rúa Tabernas polo presidente da institución, Víctor F. Freixanes, e a tesoureira e académica Marilar Aleixandre.

26 de marzo de 2019. “O teatro popular de monicreques na cultura galega de posguerra. Barriga Verde como forma de resistencia simbólica”, conferencia de Comba Campoi e Santi Prego na véspera do Día Mundial do Teatro. O acto, coorganizado pola Academia e a Asociación Morreu o Demo, celebrouse no salón de actos da Academia e foi presentado por Henrique Monteagudo. Contou tamén coa participación do xornalista Raimundo García.

4 de abril de 2019. Presentación de *Toponimia de Ames*, de Xosé Ramon López Boullón, quinto título da colección Terra Nomeada da Real Academia Galega. No acto, celebrado no Pazo da Peregrina de Bertamiráns, o autor estivo acompañado polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; o coordinador do Seminario de Onomástica da Academia, Ramón Lorenzo; a presidenta da Asociación Galega de Onomástica (AGOn) e académica correspondente, Ana Boullón; o alcalde de

Ames, José Miñones; e a concelleira de Normalización Lingüística e Comunicación, Isabel Vaquero.

8 de abril de 2019. Semana Cultural do IES Antonio Fraguas de Santiago de Compostela, dedicada ao intelectual que lle dá nome ao centro. O presidente da Real Academia Galega participou na xornada inaugural pronunciando unha conferencia, acompañado na mesa pola conselleira de Educación, Carmen Pomar Fraguas e o alcalde de Santiago, Martiño Noriega, entre outros representantes institucionais. Tras o relatorio, a comunidade educativa e as autoridades plantaron un carballo na memoria de Antonio Fraguas.

9 de abril de 2019. Presentación de catro números da colección Terra Nomeada: *Toponimia de Trabada* de Xulia Marqués Valea, *Toponimia de Begonte e Rábade* de Paulo Martínez Lema, *Toponimia da Estrada* de Fernando Cabeza Quiles e *Toponimia de Ames* de Xosé Ramón López Boullón. No acto, celebrado na sede da Academia, o seu presidente, Víctor F. Freixanes; a presidenta da Asociación Galega de Onomástica e académica correspondente, Ana Boullón; e o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, acompañaron a Xulia Marqués, Fernando Cabeza Quiles e Xosé Ramón López Boullón.

11 de abril de 2019. Presentación de *Historia da Literatura Galega IV. De 1936 a 1975. A “longa noite”*, de Xosé Ramon Pena. No salón de actos da Real Academia Galega, o autor, acompañado do director de Edicións Xerais, Fran Alonso, e do académico Xesús Alonso Montero, presentou a cuarta entrega da súa historia da literatura galega.

15 de abril de 2019. Exposición *Antonio Fraguas, memoria dun soño. Viaxe a unha Galicia orgullosa de si mesma*. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, participou na biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela, na inauguración da mostra, organizada pola Xunta de Galicia.

6 de maio de 2019. Presentación d’*Os nove anos de Fraguas en Lugo*, proxecto desenvolvido por amigos e antigos alumnos do profesor no Instituto Masculino de Lugo, que pretende botar luz sobre a pegada que o mestre Fraguas deixou na cidade das murallas. O proxecto está composto por un libro, un espazo web e unha exposición itinerante. O académico de número Darío Xohán Cabana participou no acto en representación da RAG.

11 de maio de 2019. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e a académica Fina Casalderrey participaron na 37 edición do Festiletras impartindo senllos obradoiros de literatura a alumnas e alumnos de ESO do instituto de Ponteceso na sede da Fundación Eduardo Pondal.

11 de maio de 2019. Constitución da Sociedade da Lingua no IES de Coto-bade. No acto, en homenaxe a Antonio Fraguas e á sociedade constituída en

1924, alumnos e alumnas do centro presentaron o manifesto “Desde Cotobade para o mundo”, no que reivindicaban medidas para frear a perda da transmisión interxeracional do galego. A académica de número Fina Casalderrey interveu na celebración en representación da Real Academia Galega.

15 de maio de 2019. Presentación de *Antonio Fraguas Fraguas. Estancias vitais dun mestre sabio*, de María Xosé Fernández Cerviño e editado por La Voz de Galicia. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, presidiu o acto de presentación do libro, no que tamén interviñeron xunto á autora o director de La Voz de Galicia, Xosé Luís Vilela, e o presidente do padroado do Museo do Pobo Galego, Justo Beramendi. A cantante Sabela púxolles voz a dous poemas de Rosalía, “Adiós, ríos” e “Quíxente tanto, meniña”. O acto tivo lugar na sede da Academia.

15 de maio de 2019. Club Faro, do Faro de Vigo, dedicado a Antonio Fraguas. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, compartiu mesa redonda con Malores Villanueva e Héctor Cajaraville, biógrafos de Antonio Fraguas, e o editor e profesor Manuel Bragado.

16 de maio de 2019. Presentación de *Amantes da Terra*, curtametraxe documental que recolle diversos testemuños sobre a figura de Antonio Fraguas. No acto, celebrado na sede da vicerreitoría do campus de Pontevedra, participou a académica Fina Casalderrey en representación da RAG.

28 de maio de 2019. Entrega de premios do I Certame Escolar de Podcasts en galego Xosé Mosquera. O concurso foi promovido polo IES Rosalía de Castro e Arraianos Producións, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a colaboración da Real Academia Galega, a Fundación Antonio Fraguas, a Radio Galega, o colectivo Ponte nas Ondas, a Fundación Rosalía de Castro e a Escola Superior de Arte e Deseño Mestre Mateo. O xurado premiou, entre case 40 traballos finalistas, o presentado polo alumnado do IES de Foz baixo o título “Antón Fraguas en directo”. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, participou na entrega dos galardóns, celebrada no Museo do Pobo Galego.

30 de maio de 2019. Os académicos Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos presentaron na Casa da Matanza *Cartas a Murguía III (1886-1923)*, penúltimo volume do epistolario do primeiro presidente da Academia, editado pola Fundación Rosalía de Castro. Na presentación participaron tamén Anxo Angueira, presidente da Fundación, e Antonio Fernández Angueira, alcalde de Padrón.

4 de xuño de 2019. Visita institucional da Real Academia Galega ao Brasil. O presidente, Víctor F. Freixanes, o secretario e coordinador do Seminario de Sociolingüística, Henrique Monteagudo, e a directora da Sección de Lingua, Rosario Álvarez, participaron nun coloquio na Universidade Federal do Rio de

Janeiro dedicado á lingua e á cultura galegas. O presidente impartiu despois unha conferencia na xornada inaugural do *I Seminario Internacional Galego e Portugués: O Passado Presente*. Os académicos foron tamén recibidos pola académica de honra da RAG Nélida Piñon no seu domicilio particular.

6 de xuño de 2019. Visita institucional da Real Academia Galega ao Brasil. Encontro co plenario e a directiva da Academia Brasileira de Letras (ABL). Marco Lucchesi, presidente da ABL, presentou a Víctor F. Freixanes, Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo no tradicional “chá dos académicos” que a institución celebra todos os xoves.

9 de xuño de 2019. Día Internacional dos Arquivos. Para conmemorar esta data, o Arquivo da Real Academia Galega presentou unha escolma de cartas históricas en galego. Entre elas están unha das primeiras escritas no Rexurdimento na lingua do país, a que Camilo Álvarez de Castro lle dirixiu a Rosalía de Castro en 1863; unha carta en galego de Alfredo Brañas ao presidente da Liga Gallega da Coruña, Salvador Golpe, de 1898; ou outra de Losada Diéguez a Antón Villar Ponte, de 1918, que reflicte a época das Irmandades da Fala.

13 de xuño de 2019. Congreso Internacional de Onomástica de Euskaltzaindia *Onomastika-ondarea babestu eta gizarteratu: han-hemengo esperientziak (Preservación e divulgación do patrimonio onomástico: diversas experiencias)*, organizado no marco dos actos de celebración do centenario da institución. O académico Antón Santamarina participou co relatorio “O patrimonio toponímico de Galicia; traballos realizados e tarefas pendentes para preservalo e facelo dispoñible”.

20 de xuño de 2019. Encontro da Real Academia Galega e o Camões - Instituto da Cooperaç o e da L ngua I.P. (CICL). O presidente da RAG, V ctor F. Freixanes, e o presidente do instituto portugu s, Lu s Faro Ramos, acompañados do secretario da RAG, Henrique Monteagudo, e a coordinadora de ensino portugu s do Instituto Cam es en Espa a e Andorra, Filipa Soares, reun ronse en Santiago de Compostela e acordaron explorar v as de colaboraci n permanente para organizar actividades conxuntas e compartir no futuro en Galicia un encontro centrado nas literaturas galega e de expresi n en lingua portuguesa.

21 de xuño de 2019. A directora da Biblioteca da Real Academia Galega participou na xornada t cnica *Bibliotecas especializadas e Centros de documentaci n* organizada pola Biblioteca de Galicia. Ana Mar a Men ndez repasou brevemente a orixe e os principais fondos da colecci n e presentou a intervenci n de Paz Garc a Ord n ez e Jos  Santos Cobo, da Biblioteca da Real Academia Espa ola.

22 de xuño de 2019. Plenario ordinario da Real Academia Galega, no que se elixiu a Ricardo Carballo Calero como figura   que se dedicar  o D a das Letras Galegas de 2020.

25 de xuño de 2019. Visita de Javier Losada, delegado do Goberno de España en Galicia, á Real Academia Galega. O presidente Víctor F. Freixanes mantivo con el unha xuntanza na que abordaron as necesidades da RAG e a importancia de apoiar as linguas do Estado.

11 de xullo de 2019. *Gramatikak XXI. Mendean (As gramáticas no século XXI)*. Xornada de presentación do texto *Euskararen Gramatika*, organizada no marco dos actos de celebración do centenario da Euskaltzaindia. A directora da Sección de Lingua da Real Academia Galega, Rosario Álvarez, participou na mesa redonda “As gramáticas do noso contorno”, cun relatorio titulado “A lume lento. A ansiada gramática da RAG”.

5 de setembro de 2019. Visita institucional do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, á alcaldesa da Coruña, Inés Rey. O encontro tivo lugar no pazo de María Pita.

12 de setembro de 2019. *Ingurune digitala, hizkuntzen estandarizazioa eta euskara (O contorno dixital, a estandarización das linguas e o éuscaro)*. Congreso organizado no marco dos actos de celebración do centenario de Euskaltzaindia. O director do Dicionario da Real Academia Galega e académico de número Manuel González, participou co relatorio “O aproveitamento das novas tecnoloxías no Dicionario da Real Academia Galega”.

23 de setembro de 2019. Visita do alumnado do Instituto Santiago Apóstolo de Buenos Aires á Academia. O presidente da institución, Víctor F. Freixanes, foi o encargado de lles dar a benvida á vintena de mozos e mozas, estudantes dos últimos cursos, e ás profesoras Beatriz Caldas e Daniela Maldonado, que os acompañaban.

26 de setembro de 2019. Presentación de *Alfredo de la Iglesia. O intelectual, o educador e o autor do primeiro manual de Literatura Galega para escolares de Instituto (1919)*, de Xesús Alonso Montero. Este volume da colección Letras da Academia foi presentado nun acto público na Casa das Campás, en Pontevedra, polo académico. Acompañáranos o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o director de área de dinamización cultural, educativa e integración da Universidade de Vigo, Manuel Morquecho Barral; e Carlos López Font, deputado da Deputación de Pontevedra.

1 de outubro de 2019. Visita do presidente da Academia á Deputación de Ourense. Víctor F. Freixanes, e o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, mantiveron unha xuntanza no pazo provincial para abordar a colaboración entre ambas as institucións.

5 de outubro de 2019. Clausura dos actos de celebración do centenario de Euskaltzaindia. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o

secretario da institución e coordinador do Seminario de Sociolingüística, Henrique Monteagudo; e o coordinador do Seminario de Lexicografía, Manuel González, participaron no acto de clausura celebrado na sede da Deputación Foral de Gipuzkoa coa presenza dunha ampla representación das principais institucións do País Vasco e os membros do Padroado de Honra do Centenario de Euskaltzaindia, do que forma parte o presidente da RAG.

7 de outubro de 2019. VI Xornada “Educación e linguas en Galicia”: *10 anos do Decreto do Plurilingüismo*, organizada polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. O técnico do Seminario de Sociolingüística, Xaquín Loredó, participou nunha mesa dedicada ás experiencias na educación infantil na que se referiu ao primeiro mapa sociolingüístico escolar de Ames, un proxecto no que a Academia está a traballar en colaboración con este concello coruñés.

8 de outubro de 2019. Presentación na sede da Real Academia Galega da edición bilingüe castelán-galego de *Lazarillo de Tormes*, publicación froito da colaboración entre o grupo de investigación Dilec (Didáctica das Linguas e Culturas) da Universidade da Coruña e do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. O acto celebrouse dentro do programa do simposio internacional *El Lazarillo de Tormes y sus continuadores*, e nel estiveron presentes o académico e director do CRPIH, Manuel González, o secretario científico do CRPIH, Armando Requeixo, o catedrático da UdC e presidente do Simposio, Alfredo Rodríguez López-Vázquez, e o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García Gómez.

14 de outubro de 2019. Presentación do espazo web publicacions.academia.gal. O portal foi presentado na sede da Academia polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; o secretario, Henrique Monteagudo; e os responsables dos departamentos de publicacións e informática, Nélica Cosme e Juan Montenegro.

21 de outubro de 2019. Visita da alcaldesa da Coruña, Inés Rey, á Real Academia Galega. A comisión executiva da Real Academia Galega recibiu á rexedora do Concello da Coruña acompañada polo concelleiro de Cultura, Jesús Celemín. Ambas as partes ratificaron a vontade compartida de profundar na colaboración institucional.

22 de outubro de 2019. Visita á Academia dun grupo de docentes de gaélico escocés. A visita tivo lugar no marco do proxecto *Languages for Education*, do programa de mobilidade na educación Erasmus, e ten como obxectivo coñecer a situación do galego e experiencias para o seu fomento que poidan inspirar medidas para a promoción da súa propia lingua. Os profesores estiveron acompañados polos

asesores do Centro Autonómico de Formación e Innovación da Consellería de Innovación Carlos Rodríguez e Ana Lorigados.

5 de novembro de 2019. Homenaxe a Antonio Fraguas no cemiterio compostelán de Boisaca, no seu vixésimo cabodano. A Fundación Antonio Fraguas, o padroado do Museo do Pobo Galego e a Asociación do Traxe Galego realizaron unha ofrenda floral ante a súa sepultura. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, participou no acto en representación da institución.

21 de novembro de 2019. Presentación de *Toponímizate. Coñece os nomes da túa terra*, a campaña de divulgación da toponimia coordinada pola Real Academia Galega en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Os responsables de ambas as entidades, o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, e o secretario xeral Valentín García, presentaron na sede da RAG a campaña xunto a María Luísa Pena Babío, en representación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, e Vicente Feijoo, o especialista en toponimia do Seminario de Onomástica da RAG que impartirá as charlas.

25 de novembro de 2019. Presentación de *Rosalía de Castro: obra poética e manuscritos*, de Boreal Ediciones. O acto tivo lugar na sede da Real Academia Galega. O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, acompañou na presentación o editor Manuel Mariño, a artista Gosia Trebacz, autora das nove obras gráficas que completan esta tiraxe, e o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, que editou e revisou os textos da escritora.

30 de novembro de 2019. Presentación de *Cartas e composicións autógrafas de Antonio Fernández Morales a Mariano Cubí. Transcripción dun legado inaugural berciano do Rexurdimento*, do académico correspondente Héctor Silveiro. O acto tivo lugar no local social do Concello de Corullón, dentro do programa da xornada de entrega do II Premio Morales para a promoción da lingua galega no Bierzo e Sanabria. Interviron na presentación O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes e o autor.

9 de decembro de 2019. Encontro entre o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o alcalde de Ferrol, Ángel Mato, no pazo municipal, con motivo da celebración en 2020 do Día das Letras Galegas dedicado a Ricardo Carballo Calero. Na xuntanza tamén participaron o secretario da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo; o concelleiro de Cultura, Antonio Golpe; e a concelleira de Economía e Facenda, María Teresa Deus.

20 de decembro de 2019. Presentación da plataforma *Galicia Nomeada*, froito da colaboración da Real Academia Galega e a Xunta de Galicia. Víctor F. Freixanes, presidente da Academia, interveu na presentación de *Galicia Nomeada* e do novo *Portal da Toponimia* canda o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Admi-

nistracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda; a directora xeral da AMTEGA, Mar Pereira; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o director do Instituto de Estudos do Territorio, Guillermo Ramón Evia; e Vicente Feijoo, coordinador do equipo técnico de toponimia da RAG.

21 de decembro de 2019. Pleno ordinario da Real Academia Galega no que se elixiu a María Rosa Lojo como membro de honra.

27 de decembro de 2019. Elixida “sentidiño” como Palabra do Ano 2019. O termo sumou o maior número de apoios na iniciativa promovida polo Portal das Palabras, o proxecto web da Real Academia Galega e a Fundación Barrié para a divulgación do léxico galego. “Feminicidio” foi a segunda palabra máis votada nun ano no que as rúas volveron encherse de voces contra a violencia de xénero e “narcosubmarino, apenas semanas despois de irromper na linguaxe cotiá de Galicia, acadou o terceiro posto.

28 de decembro de 2019. Clausura do Ano Antonio Fraguas. O Museo do Pobo Galego clausurou a exposición dedicada ao etnógrafo, xeógrafo e historiador. O acto, no que participou o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, serviu de peche do programa de actividades celebradas nos últimos doce meses para divulgar o seu legado.



Inauguración do ano Antonio Fraguas en Famelga, na casa natal do autor.
14 de xaneiro de 2019.



Manuel Lorenzo, Santi Prego, Comba Campoi, Henrique Monteagudo e Raimundo García cos bonecos orixinais da barraca de José Silvent.
26 de marzo de 2019



Presentación da colección Terra Nomeada.
Henrique Monteagudo, Ana Boullón, Víctor F. Freixanes, Xulia Marqués Valea, Fernando Cabeza Quiles e Xosé Ramón López Boullón.
9 de abril de 2019.



Geraldo Holanda Cavalcanti, Henrique Monteagudo, Rosario Álvarez, Nélida Piñon e Víctor F. Freixanes, na reapertura da biblioteca da Academia Brasileira de Letras. Fonte: ABL
6 de xuño de 2019.

ACTIVIDADES DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN

A Casa-Museo recibiu, no ano 2019, 6.638 visitantes. 3.663 destes visitantes realizaron a visita en grupo. Vistárona tamén 56 grupos de escolares, na súa maioría de 4º de ESO (16 anos), e 41 grupos de persoas adultas. De maneira individual acudiron á Casa-Museo 2.975 persoas, das que 1.699 foron mulleres e 1.276 homes. O rango de idade maioritario quedou establecido entre 40 e 60 anos.

ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2019

30 de xaneiro de 2019. Conferencia “La Marineda de Emilia Pardo Bazán”. No marco do ciclo de intervencións “Tribuna pública”, organizado polo Concello da Coruña na praza de Tabacos para debater sobre a fachada marítima da cidade, a conservadora da Casa-Museo impartiu unha conferencia sobre a relación da escritora coa Coruña.

14 de marzo de 2019. Presentación de *Emilia Pardo Bazán* (Taurus, 2019), biografía da escritora galega asinada por Isabel Burdiel. A historiadora estivo acompañada polo presidente da Academia Víctor F. Freixanes, a académica Marilar Aleixandre, o historiador e tamén académico Ramón Villares e a profesora de literatura española da Universidade de Santiago de Compostela, Cristina Patiño Eirín. A presentación tivo lugar no salón de actos da RAG.

11 de abril de 2019. Inauguración da praza Emilia Pardo Bazán, situada na planta baixa do interior do centro comercial Marineda City, no marco do acordo de colaboración entre a Real Academia Galega, a través da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, e este espazo comercial, para difundir a figura e a obra de quen foi unha das escritoras europeas máis destacadas do seu tempo. Na celebración presentouse un libriño editado para a ocasión, que contén unha escolma oito contos da autora protagonizados por mulleres, ás que lles deron vida outras tantas actrices. No acto interviñeron a xerente de Marineda City, Ana López e a conservadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Xulia Santiso.

18 de maio de 2019. Día Internacional dos Museos.

Un ano máis a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán abriu as portas ata a medianoite para celebrar o Día Internacional dos Museos. O público que acudiu puido participar nunha serie de actividades especiais, desde as 18 ata as 24 horas, que abrangueron diferentes artes. O programa da xornada foi o seguinte:



18:00 h. Dona Emilia dálles a benvida (familiar). Intervención dramatizada da man da actriz María Louro que, caracterizada como a Pardo Bazán, mergullou os participantes na figura da escritora inmersa na atmosfera do seu propio fogar, relatando a súa vida persoal e profesional.

18:45 h. Música inclusiva e participativa (familiar). Robert Pier, artista local, ofreceu un recital acústico no que o público puido participar con instrumentos pequenos e coa súa propia voz, creando un “cadáver exquisito” musical.

19:30 h. Protagonista do conto “La Manga”. Lectura dramatizada a cargo dunha actriz, que fixo cobrar vida a personaxes de contos de dona Emilia.

20:00 h. Dona Emilia dálles a benvida (adultos).

20:45 h. Acompaña a protagonista do conto “Sí, señor”. Lectura dramatizada.

21.30 h. Casa Hamlet. Teatro.

22:45 h. Vístete de conto e posa no photocall.

23:15 h. Música inclusiva e participativa.

Obradoiro de chapas.

Vídeo confesionario.

Fai o teu sombreiro. Vencellado á lectura dramatizada do conto “La Manga”, instalouse un espazo para xogar a través de manualidades.

A entrada foi libre e acudiron arredor de 350 persoas ao longo de toda a xornada.

27 e 28 de maio de 2019. Obradoiro de escritura terapéutica e creativa, impartido por Andrea Pazos. Actividade desenvolvida dentro do ciclo *Elas son artistas. II Festival Metropolitano de Música e Artes pola Igualdade*.

30 de maio de 2019. Mari Muriel. Charla sobre a súa serie pictórica baseada no relato “El revolver”, de Emilia Pardo Bazán. Actividade desenvolvida dentro do ciclo *Elas son artistas. II Festival Metropolitano de Música e Artes pola Igualdade*.

2 de setembro de 2019. Visita á Casa-Museo de Paul O’Prey, tradutor ao inglés de *Los pazos de Ulloa*. Foi recibido pola profesora da Universidade de Santiago de Compostela e especialista pardobazániana Cristina Patiño e pola conservadora do museo, Xulia Santiso.

27 de setembro de 2019. “Emilia Pardo Bazán: contextualización do seu papel na historia e na literatura”, conferencia de Xulia Santiso, conservadora da Casa-Museo, na *I xornada de mulleres relevantes na Reserva de Biosfera MCeTM: Emilia Pardo Bazán, unha muller adiantada á súa época*, organizada polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

8 de novembro de 2019. Participación de Xulia Santiso na mesa redonda “La España Moderna, una aventura intelectual y un proyecto editorial de José Lázaro Galdiano, respaldado por los autores ilustres que admiraba”, dentro do *I seminario Epistolarios de escritores: la relación del editor con los autores en La España Moderna*, organizado pola Universidad Rey Juan Carlos e o Museo Lázaro Galdiano.

20 de novembro de 2019. *Mullericidio e lei*. Conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Conferencia de Sandra Piñeiro Vilas, titular do xulgado de instrución nº 2 de Lugo, e dramatización da actriz María Louro, apoiada en textos de Emilia Pardo Bazán.



Cristina Patiño, Ramón Villares, Isabel Burdiel, Víctor F. Freixanes e Marilar Aleixandre, na Casa-Museo. 14 de marzo de 2019.



Robert Pier durante a súa intervención. 18 de maio de 2019.

DECLARACIÓNS

DECLARACIÓN DA REAL ACADEMIA GALEGA VERBO DOS ACORDOS DO COMITÉ DE MINISTROS DO CONSELLO DE EUROPA SOBRE A CARTA EUROPEA DE LINGUAS REXIONAIS E MINORITARIAS

16 de decembro de 2019

O Comité de Ministros do Consello de Europa, na súa xuntanza do pasado 11 de decembro, aprobou as seguintes recomendacións ás autoridades españolas en relación co cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias:

1. Modificar a Lei Orgánica do Poder Xudicial para garantir o uso das linguas cooficiais nos procedementos xudiciais a pedimento dunha das partes.
2. Mellorar o uso das linguas cooficiais na Administración do Estado nas Comunidades Autónomas.
3. Eliminar as limitacións do ensino en galego en Galicia.

Estas recomendacións están na liña das demandas reiteradamente expresadas pola Real Academia Galega nos tres aspectos que considera ese acordo e concretamente nas manifestadas no informe que esta institución presentou no seu día ante o Comité de Expertos do Consello de Europa. Neste informe, a Real Academia Galega instaba a que o Comité de Ministros do CE aprobase unha recomendación específica para que “o goberno galego remova os obstáculos normativos que impiden o establecemento dunha oferta educativa completa ou principalmente en lingua galega”.

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias é un tratado internacional impulsado polo Consello de Europa co obxectivo de protexer os dereitos dos falantes das linguas europeas rexionais e minoritarias. En 2001, o Estado español adheriuse a esta Carta e no momento da súa ratificación comprometeuse a cumprila no conxunto das súas previsións e nos seus termos máis amplos. Así, o seu artigo 8 compromete as autoridades a ofrecer unha liña de educación preescolar e de ensino primario, secundario, técnico e universitario en lingua galega. Este compromiso non só foi incumprido, senón que a normativa sobre o uso do galego no ensino vixente no noso país desde 2010 (Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia) se atopa en flagrante contradición con el, ao restrinxir este uso a un máximo do

50% do currículo (e a unha porcentaxe menor nos centros plurilingües), excluíndoo totalmente de materias como as matemáticas, a física e a química. Os datos sociolingüísticos recollidos en Galicia nos últimos anos, ao igual que os estudos feitos sobre a evolución do coñecemento e uso da lingua galega, mostran un alarmante retroceso do noso idioma na poboación infantil e na mocidade, poñendo de relevo os negativos efectos das limitacións ao uso do galego no sistema educativo.

A Real Academia Galega congratúlase do acordo do Comité de ministros do Consello de Europa sobre a Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias e insta as autoridades do Estado español e, nomeadamente, da Comunidade Autónoma de Galicia, a seguir as recomendacións expresadas nel. É hora de honrar os compromisos incluídos na Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias para que Galicia se dote dun modelo educativo que garanta os dereitos dos galegofalantes e asegure a vitalidade do noso idioma.



Giuseppe Tavani / Xosé Castro

GIUSEPPE TAVANI (1924-2019)

Ramón Lorenzo

O 22 de marzo de 2019 morreu en Roma Giuseppe Tavani, un día despois de chegar ós 95 anos e catro meses despois de que tamén falecese a súa dona Giulia Lanciani, e con el desaparece unha das figuras máis sobranceiras da filoloxía italiana e románica.

Tavani naceu en Roma e fixo os estudos universitarios nesta cidade. Rematada a carreira, doutorouse cunha tese sobre as gramáticas bilingües italo-portuguesas (cf. o artigo “La prima grammatica italiana pubblicata in Portogallo”, en *Filologia Romanza* IV, 1957) e polos mesmos anos elaborou unha gramática portuguesa de carácter científico (*Grammatica portoghese. Elementi di fonetica, morfologia, sintassi*, Roma, 1957) e con Luciana Stegagno Picchio o *Corso pratico di lingua portoghese* (Sezioni per la “Radiotelevisione Italiana”, Torino, 1957), ós que debemos engadi-lo artigo “Grammatiche portoghesi ad uso degli italiani. Contributo alla bibliografia degli studi portoghesi in Italia” (1958). Estes traballos e outros ensaios de carácter filolóxico sobre o xudeoportugués de Livorno (1959, 1961), Sá de Miranda (1959) e os cancioneros (de 1958, 1959 e 1961) levárono a conseguir no ano 1961, por concurso nacional, unha praza de docente universitario de lingua e literatura portuguesas. No ano seguinte pasou a ser profesor encargado de cátedra na Universidade de L’Aquila e xa en 1963 foi nomeado profesor encargado da cátedra de Lingua e Literatura Portuguesas na Facultade de Maxisterio da Universidade de Roma, posto que ocupou ininterrompidamente ata o ano 1970. Neste ano gañou por concurso a cátedra de Lingua e Literatura Portuguesas da Universidade de Venecia, onde estivo ata 1973, primeiro nesta cátedra e despois na de Filoloxía Románica, e nese mesmo ano pasou á Universidade de Siena. Xa en 1974 foi chamado á Universidade de Roma “La Sapienza” como catedrático de Filoloxía Románica na Facultade de Letras, onde permaneceu ata a súa xubilación.

Debido á súa alta capacidade e á relevancia das súas publicacións, Tavani desenvolveu cursos, seminarios e conferencias, especialmente de crítica textual, en numerosas universidades europeas, entre elas as de Santiago de Compostela e Lisboa, e recibiu numerosas distincións, como son en Portugal o título de Grande-Oficial da Ordem do Infante Dom Henrique (1989) e o nomeamento como membro correspondente da Academia das Ciéncias de Lisboa; en Cataluña o Premi Internacional Catalònia (1986) do Institut d’Estudis Catalans, o

Premi Joan-Baptista Cendrós (1995) do Òmnium Cultural, a Creu de Sant Jordi (1997) da Generalitat, o Premi Internacional Ramon Llull (2004), o de membro correspondente do Institut d'Estudis Catalans (1992), así como a presidencia da Associació Internacional de Llengua i Literatura Catalanes (1979-1994, vogal de 1973 a 1979 e vicepresidente de 1979 a 1988); e en Galicia o Premio da Crítica Galicia (1987), o Pedrón de Ouro e a Medalla Castelao (1988), así como o nomeamento de Membro de Honra da Real Academia Galega, na que leu o discurso de entrada o 22 de maio de 2004. Súmase a isto a consecución do grao de *Dr. Honoris Causa* polas Universidades de Barcelona, Lisboa (pola Clásica e a Nova) e Santiago (nesta en 1991). Ademais, publicáronse na súa honra sete libros de homenaxe, empezando polos *Estudios galegos en homenaxe ó Profesor Giuseppe Tavani* (Santiago de Compostela, 1994) e continuando con *Cantarem d'aquestz trobadors. Studi occitanici in onore di Giuseppe Tavani* (Alessandria, 1995), *Per via. Miscellanea di studi in onore di Giuseppe Tavani* (Roma, 1997), *Serena ogni montagna. Studi di ispanisti amici offerti a Giuseppe Tavani* (Roma, 1997), *Miscellanea Giuseppe Tavani* (Barcelona, 2002), *Memória dos afectos. Homenagem da cultura portuguesa a Giuseppe Tavani* (Lisboa, 2001) e *Il nome dell'autore. Studi per Giuseppe Tavani* (Roma 2015).

Tavani foi un grande emprendedor e creou as coleccións de textos traducidos Poeti e prosatori catalani e Poeti e prosatori galeghi, e fundou e dirixiu a colección de estudos filolóxicos e edicións críticas *Quaderni di Romanica Vulgaria* (do 1 ó 13/14, 1979-1994) e dentro desta serie editou varios volumes: *Studi francesi e provenzali 79* (L'Aquila, 1979); *Studi francesi e provenzali 84/85* (L'Aquila, 1986); *Studi provenzali e francesi 86/87* (L'Aquila, 1989); *Studi provenzali e galeghi 89/94* (L'Aquila, 1994); *Studi catalani e provenzali 88* (L'Aquila, 1990); *Studi portoghesi e catalani 83* (L'Aquila, 1983) e *Studi sulla traduzione 95/97* (L'Aquila, 1997). Tamén foi codirector da revista *Teoría e Crítica* e redactor das revistas *Cultura Neolatina* e *Rassegna Iberistica*, así como membro do comité científico de varias revistas e do comité editor da revista *Estudis de Llengua i Literatura Catalanes*.

Se pasamos xa á súa produción científica, a súa bibliografía comprende, desde 1956 ata hoxe, máis de 330 títulos, entre libros, traducións, artigos, notas, introducións, voces enciclopédicas, recensións e noticias bibliográficas, e esténdese a diversos sectores da Filoloxía Románica, pois as súas publicacións tratan os temas máis heteroxéneos, correspondentes á maior parte das linguas e literaturas románicas (italiana, francesa, española, pero especialmente occitana, catalá, galega e portuguesa) e abarcan desde a época máis recente ata a época máis primitiva das linguas. Nela atopamos moitísimas investigacións universalmente recoñecidas e da máxima relevancia. Tavani ocupouse, por exemplo, dos problemas relacionados coa evolución do latín ás linguas románicas, sobre todo daqueles referidos á Península Ibérica (*Preistoria e protostoria delle lingue ispaniche*, L'Aquila, 1968), e

tamén puxo a punto un método novo e orixinal de aproximación á lectura dos textos poéticos, tanto modernos como medievais, ofrecéndonos numerosas aplicacións prácticas, con importantes análises “ritmémicas” dos textos de poesía –“Per una lettura ‘ritmemica’ dei testi di poesia”, en *Teoria e Critica* 1 (1972), 19-70; tamén en *Teoria e Critica* 2-3 (1973), 3-12 e noutros traballos de 1973, 1976, 1980, 1981 etc., así como nos libros *Poesia e Ritmo. Proposta para uma leitura do texto poético* (Lisboa, 1983), e *Lezioni sul testo* (L’Aquila, s. d. [1983], con outra edición en 1997)–, e ideou criterios ecdóticos específicos para a preparación de edicións de textos literarios latinoamericanos do século XX, que, amais de seren elaborados criticamente, desen conta dos momentos esenciais do proceso xenético (*Asturias y Neruda. Cuatro estudios para dos poetas*, Roma, 1985, e artigos de 1976, 1981, 1984, 1985 e 1986).

Dedicouse á análise puntual de numerosos textos medievais románicos, pertencentes a tódalas áreas lingüístico-culturais da Europa occidental, e fixo edicións críticas moi apreciadas polos especialistas. Tamén tratou a fondo cuestións de métrica románica, aplicada tanto a textos medievais como modernos e estudou os problemas da intertextualidade e do bilingüismo e multilingüismo nas literaturas románicas desde as orixes ata o século XVI (cf. *Bilinguismo e plurilinguismo romanzo dal XII al XVI secolo*, L’Aquila, s. d. [1969]; *Il mistilinguismo letterario romanzo tra XII e XVI Secolo*, L’Aquila, s. d. [1980]; *Restauri testuali*, Roma, 2001, ou nos artigos “Il plurilinguismo nella lirica dei trovatori” de 2000, “O provenzal dos trobadores galego-portugueses e o problema da heterodoxia expresiva” de 2002, “O galego de Raimbaut de Vaqueiras e o provenzal de Airas Nunes” de 2004) ou a comicidade nos “fabliaux” franceses e nas nosas “cantigas d’escarño e maldizer”. Por outra parte redactou un inventario completo das fórmulas métrico-estróficas usadas polos poetas galegos e portugueses dos séculos XIII e XIV e cataláns do século XIV, especialmente no seu monumental *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese* (Roma, 1967, nova ed. en 1997), un volume clave para o estudo da métrica medieval, e estudou a fondo a poesía peninsular do século XIII, sobre todo a occidental.

Desde o punto de vista da cultura galega, o que máis nos interesa das publicacións do profesor Tavani son os seus traballos sobre a literatura medieval, tanto as edicións críticas como os estudos sobre a métrica ou as interpretacións de conxunto de toda a lírica, posto que foi un dos máximos especialistas da nosa cultura medieval. Debido á redacción dun artigo sobre os xograres italianos, colleu interese polos temas xograrescos e volveu a vista cara á nosa literatura medieval, preparando a edición do xograr Lourenço (primeiro na revista *Cultura Neolatina* XIX, 1959 e XXII, 1962, e despois en Lourenço, *Poesie e tenzoni*, Modena, 1964). A esta seguiu o estudo dos problemas léxicos que presentaba a forma *ler*

en dúas cantigas (BRAG 327-332, 1958, e *Cultura Neolatina XIX*, 1959), un novo ordenamento das cantigas de Joam Nunes Camanés (1961), unha magnífica interpretación da *alba* de Nuno Fernandez Torneol (1961) e a referencia ós versos provenzais atribuídos a Airas Nunez (1962), para continuar máis tarde co estudo do cancionero deste trobador, do que nos ofreceu unha edición modélica (*Le poesie di Ayras Nunez*, Milano, 1964; con tradución de Rosario Álvarez Blanco en *A poesía de Airas Nunez*, Vigo, Galaxia, 1992).

Despois comezou a interesarse polos problemas da transmisión textual, pola tradición manuscrita e polos problemas da edición crítica (con numerosos artigos de 1963, 1967, 1968, 1974, 1979, 1983, 1986, 1990, 1993, 1997, 1998, 2000 etc.), pola relación entre o texto poético e o texto musical (1975, 1978, 1984) e xa non deixou de publicar traballos sobre a lírica medieval, moitos deles recollidos en libros. Nestes libros e artigos ofrécenos unha visión nova e orixinal, e chega en moitas ocasións a interpretacións dos textos que ninguén antes soubera facer tan acertadamente. El parte sempre dos manuscritos e alá en Roma, instalado na súa casa, coa súa cachimba sempre ó lado, dedicouse a le-los textos sen deixarse influír polas lecturas precedentes. Lembremos *Poesia del Duecento nella Penisola Iberica. Problemi della lirica galego-portoghese*, Roma, 1969 (cf. tamén “Sul Duecento letterario in Spagna: il problema della poesia lirica” de 1967); *Ensaíos portugueses. Filologia e Linguística* (Lisboa, 1988); *La poesia lirica galego-portoghese* (L’Aquila, s. d. [posterior a 1970], tamén desenvolvida no *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*. Vol. II, t. 1, fasc. 6, Heidelberg, 1980, e no fasc. 8, Heidelberg, 1983), coa tradución ó galego de Rosario Álvarez Blanco e Henrique Monteagudo (*A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, 1986) e ó portugués de Isabel Tomé e Emídio Ferreira (*A poesía lírica galego-portuguesa*, Lisboa, 1990). Despois temos *Trovadores e jograis. Introdução à poesia medieval galego-portuguesa* (Lisboa, 2002), e a *Arte de Trovar do cancionero da Biblioteca Nacional de Lisboa* (Lisboa, 1999), así como *A Cantiga de escarnho e maldizer*, libro feito en colaboración con Giulia Lanciani e traducido ó portugués por Manuel G. Simões (Lisboa, 1998; tema que xa tratara, xunto ó da sátira moral e literaria no *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters*, vol. VI, tomo 1, 1968, e tomo 2, 1970, e despois en 1984). Froito do interese de Tavani e da súa muller pola literatura medieval é a organización e coordinación do *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa* (Lisboa, 1993), para o que el mesmo redactou 30 artigos.

A publicación de artigos sobre a lírica medieval foi incesante e chegou ata os últimos anos, como se pode ver en “A muller na literatura hispana medieval: ¿protagonista ou autora?” (2007), nun artigo sobre un dístico de Martin Perez Alvin (2008), en “As apostilas de colación no Cancioneiro Portugués da Vaticana” (2008), en “Copistas, cancioneros, editores” (2010), en “Au commencement

était la route et le sanctuaire” (2010), en “Alla ricerca del Canzoniere del Conte” (2013) e artigos sobre as Cantigas de Martin Codax (2011 e 2014 e xa en 1981, 1998), sobre unha cantiga de Afonso X (1997, 2002 e 2016) ou sobre a lectura “abondanza” que fai Rodrigues Lapa dunha cantiga (2016; tamén fala do “reconstitutivismo” de Lapa en 2000).

Tamén en Roma foi madurando a súa idea sobre as orixes da lírica medieval para chegar á conclusión de que a lingua da poesía trobadoresca primitiva era o galego e non o galego-portugués, que o camiño de Santiago tivo moito que ver na xénese da nosa poesía medieval e que Santiago de Compostela foi o centro difusor desta cultura trobadoresca, como indicou en varios estudos, como en *Tra Galizia e Provenza. Saggi sulla poesia medievale galego-portoghese* (Roma, 2002) ou en *Unha Provenza hispana. A Galicia medieval, forxa da poesía lírica peninsular* (A Coruña, 2004. Discurso de ingreso na RAG que despois publicou en francés na revista *Romania*, 2008) e nos artigos “A poesía lírica galego-portuguesa: o problema das orixens” (1988) e “Il cammino di Santiago nella genesi della poesia medievale galega” (1989).

Sobre o dominio portugués, alén de todo o dito sobre a lírica medieval, escribiu numerosos estudos, desde a xa citada *Grammática portoghese* de 1957 (que repetiu máis tarde con Giulia Lanciani, na *Grammatica portoghese*, Milano, 1993) ata a época recente. Entre eles podemos citar traballos sobre os *Lusíadas* (tres de 1980, 1981; tamén un dos *Cinco ensaios circum-camonianos*, Coimbra, 2012), Sá de Miranda (1959) e Fernando Pessoa (1975-1976, 1990), a edición dunha obra de Gil Vicente (*Comédia de Rubena*. Introduzione, testo e note, Roma, 1965), a tradución ó italiano de textos modernos (*Da Pessoa a Oliveira. La moderna poesia portoghese: modernismo, surrealismo, neorealismo*, Milano, 1973; Fernando Pessoa, *Il poeta è un fingitore*, L'Aquila-Roma, 1988), un deles de poesía africana de revolta (*Poesia africana di rivolta: Angola, Mozambico, Guinea, Capo Verde, São Tomé*, Bari, 1969), a referencia ós problemas da expresión lingüístico-literaria nos países africanos de independencia recente (1975-1976, 1976, 1987), a análise dalgúns termos náuticos (1976), a ortografía do portugués (1956, 1987), sobre a grafía e pronuncia do portugués medieval (1963), sobre os máis recentes estudos italianos sobre literatura portuguesa medieval (1966) e a información sobre a lingua dos xudeus portugueses de Livorno (1959, 1961), moitos deles recollidos nos citados *Ensaio portugueses* de 1998.

Tavani sempre tivo interese polas culturas minoritarias e iso levouno a entrar en contacto coa cultura galega actual (coa tradución de *Il Grifone* de Alfredo Conde e *Tempo di Compostela* de Salvador García-Bodaño, os dous en 1989) e tamén coa cultura catalá, que difundiu de maneira especial en Italia e á que lle deu proxección internacional. En 1978 foi socio fundador da Associazione

Italiana di Studi Catalani (e vicepresidente ata 1989) e formou parte do Comité Científico da *Rivista Italiana di Studi Catalani* desde a súa fundación, en 2001. O primeiro que fixo foi publicar unha antoloxía da poesía catalá de protesta contra o réxime franquista (*Poesia catalana di protesta*, Bari, 1968), á que seguiron a tradución das cancións de Raimon (*Canzoni "contro"*, L'Aquila, 1971), a *Cronaca del giorno ripetuto* de Pere Calders (1989) e máis tarde *Dove finisce il blu* de Carme Riera (1997), *Amore fatale* de Jesús Moncada (2008), cinco obras de Mercè Rodoreda entre 2008 e 2013 e dúas de Blanca Busquets en 2013 e 2014. Xunto a todo isto están xa numerosos artigos sobre temas de historia da lingua (1989), historia cultural (1971, 1980, 1988, 1990), o espazo literario catalán (1974), os estudos da literatura catalá en Italia (1980, 1982), léxico (sobre termos mariñeiros no "Libre de Consolat de Mar", 1970), relacións entre a cultura árabe-islámica e a cultura catalá (1991), Valencia entre Occidente e Oriente (1993), o pluralismo lingüístico e cultural na Confederación catalano-aragonesa (1993), relacións literarias de Cataluña coa Provenza (1989) e Italia (1988), sobre o alquerés (1988, 1990), literatura catalá (1986, 1990), literatura moderna (sobre Salvador Espriu en 1970 e 1982 e sobre Foix, Pere Quart e Espriu en 1976) e medieval, tanto de autores que escribiron en catalán como en occitano (Cerveri di Girona en 1968 e 2001, Andreu Febrer en 1979, Bernat Metge en 1980, Gilabert de Próixita en 1981, 1982, Lluís Icart en 1988, Jordi de Sant Jordi en 1988, Raimon Vidal en 1974, 1992, 1994, 1996 e en *Raimon Vidal. Il Castia-Gilos e i testi lirici*, Milano-Trento, 1999), literatura comparada (sobre a *Griseldis* de Petrarca e a *Griselda* de Bernat Metge en 1979, 1981). Lembremos tamén os libros *Per una història de la cultura catalana medieval* (Barcelona, 1996), e *Breu història de la llengua catalana* (Barcelona, 1994; e un longo artigo en 1989). Ademais, editou con Jordi Pinell as *Actes del sisè col·loqui Internacional de Llengua i Literatura Catalanes* (Montserrat, 1983).

A todo isto hai que engadi-los traballos sobre autores provenzais: *Per un'edizione critica di «Chantarai d'aquests trobadors» di Peire d'Alvernha* (L'Aquila, s. d. [1978]); *Introduzione alla poesia trobadorica*. Vol. I: *Guglielmo IX, Jaufre Rudel, Marcabru* (L'Aquila). Vol. II: *Peire d'Alvernha. Appendice: Tre lezioni sul testo* (L'Aquila, s. d. [1983]); Folquet de Lunel, *Le poesie e il Romanzo della vita mondana* (Alessandria, 2004); "Peire de Blai *En est son fas chansoneta novelha*" (2010); varios artigos sobre Raimbaut de Vaqueiras de 1984, 1986, 1989, 1990, 2004, 2008 e aínda en 2017 "Una o trina? Le epistole de Raimbaut de Vaqueiras al Marchese Bonifacio" ou o artigo "Inseriti abusivi e attribuzioni indefendibili. Spigolando tra gli *unica* del canzoniere provenzale S^e" de 2015.

Como era de esperar nun investigador italiano, non deixou de lado a cultura do seu país e realizou numerosas investigacións sobre a época medieval, clásica ou moderna, como a edición de *Rosana* (*Storia della regina Rosana e di Rosana sua figlia*. Introduzione, testo e note, Cortona, 1970), o tema de *Griselda* en Italia e na

Península (artigos de 1979, 1981 e 1988), sobre a poesía para música no *Trecento* (1993), sobre “metrica cantata, metrica recitata” (1994), Dante no séc. XVII (*Dante nel Seicento. Saggi su A. Guarini, N. Villani, L. Magalotti*, Firenze, 1976), o estudo do *incipit* do *Orlando furioso* (1989), reflexións sobre “Niccolò Machiavelli e Francesco Vettori” (1978), a análise da poesía de Pavese (artigos de 1978, 1979-1980, 1980, 1981), sobre Vittorio Bodini tradutor (1984) e Silvio Pellegrini lusitanista (1985) e outros moitos artigos, entre eles sobre “Funzione comunicativa e azione ipnotica” nos textos xograrescos (1978), o léxico mariñeiro medieval en Sicilia (1976, 1978) e sobre textos dos Abruzzos (a “Cronaca” de Buccio en 1967, texto e contexto da “Rosana abruzzese” en 1971, sobre o teatro medieval en 1976) e introdución a un libro de Arpanore del Gaudio en 1981).

Tampouco deixou de lado os temas referentes ó francés e ó castelán, aínda que lles dedicou menos estudos. Lembremos sobre o período medieval francés *I più antichi testi letterari gallo-romanzi* (L’Aquila, s. d. [anterior a 1978]; con L. Rossi e E. Finanzi-Agrò); *Appunti sui fabliaux* (L’Aquila, s. d. [1984]); *Per una tipologia dei fabliaux* (L’Aquila, s. d. [1984]); *Quattro fabliaux*. Edizioni critiche, con introduzione, note e glossario complessivi (L’Aquila, c. 1997), ademais dun artigo sobre o cómico e o carnavalesco nos *fabliaux* en 1988 e dous sobre Guillaume de Machaut en 1984 e 1991. Finalmente sobre asuntos de literatura castelá e hispanoamericana, alén dos citados traballos sobre Miguel Ángel Asturias e Neruda, e de once entradas na *Enciclopedia dello Spettacolo* (vol. VI, 1959; VII, 1960; VIII, 1961 e IX, 1962), escribiu diferentes artigos, entre eles sobre a *Razon feyta d’amor* (1964), sobre as orixes da “arte mayor” (1965), Cernuda (1966) e Quevedo (1992), así como sobre lingua hexemónica e linguas minoritarias no estado español (1977).

Tavani foi un investigador extraordinario e incansable, un dos grandes mestres da filoloxía románica, e son admirables a súa sabedoría e o rigor, a profundidade e a meticulosidade no estudo dos temas que tratou, tan numerosos e referentes a tantas linguas. Xunto a todo isto, o ilustre profesor tamén destacou polo seu compromiso social, pola defensa das linguas minorizadas, polas súas extraordinarias calidades humanas, polo seu carácter afable e pola súa enorme simpatía, características que se puxeron de manifesto sempre que visitou a nosa terra e nas numerosas ocasións en que acolleu cos brazos abertos a tódolos incipientes investigadores que se achegaron á súa casa para pedirlle consello e maxisterio. Beppe Tavani sempre quedará como un autor de referencia para tódolos que se interesen pola nosa cultura medieval.



Andrés Fernández-Albalat Lois / Xosé Castro

ANDRÉS FERNÁNDEZ-ALBALAT LOIS, A MORTE DO HOME XUSTO

Xosé Ramon Barreiro Fernández

O 29 de decembro de 2019, presente a súa ampla familia, faleceu na Coruña Andrés Fernández-Albalat Lois; perdía Galicia un excepcional arquitecto e un profesional xeneroso. Andrés Fernández-Albalat sempre acudiu ás necesidades de amigos e ás demandas civís das institucións galegas.

Naceu na Coruña o 23 de xuño de 1924. Estudou o bacharelato na cidade herculina, dous cursos de Ciencias Exactas en Santiago de Compostela e finalmente na Escola Técnica Superior de Arquitectura de Madrid onde obtén o título en 1956. Dende o primeiro momento optou pola longa carreira de arquitecto.

Aproveitou Andrés a súa estancia en Madrid para ampliar o número de amigos, preferentemente os compañeiros de curso, con Chillida, Fisac (co que sempre mantivo unha íntima amizade), Vázquez Molezún, Oíza ou Mariano García Benito.

Rematados os estudos en Madrid, obtén unha bolsa non para perfeccionar o estudo da ciencia práctica da carreira senón en Arte, para completar a súa formación artística. Cómpre salientar que Andrés era, ao tempo, un importante seguidor das correntes pictóricas máis avanzadas. Estivo daquela en Venecia, Florencia, Roma e Asís. Cadrande nunha ocasión os dous de paso en Venecia e mirando con emoción para as augas que se moven sen saber cara a onde, díxome que eran a metáfora da vida, que vén, desaparece e só deixa a escuma. Coma a vida.

A OBRA DE ALBALAT

Era a súa arquitectura humanista porque estaba ao servizo das persoas, dos grupos sociais, en definitiva, ao servizo da sociedade. Como galego coñecía perfectamente o espírito do noso pobo, que é tan fundamente local como ao mesmo tempo disposto a participar en accións comúns. Tan dono do seu destino como impulsor do ben común, pero sobre todo dono e señor dunha relixión e dunha teoloxía que lle serve para cumprir as súas demandas máis próximas.

Sen pretender ser exhaustivo, podemos salientar algunhas das súas obras: colexio dos Escolapios (A Coruña, 1962); parroquia de San Fernando (Santiago de Compostela, 1968); convento e igrexa dos PP. Pasionistas (A Coruña, 1965); fábrica e oficinas de Coca-Cola (A Coruña, 1960); fábrica de Sargadelos (Cervo, 1967); filial de Seat (A Coruña, 1964); sede da Sociedade Recreativa Hípica (A

Coruña, 1967); rehabilitación do castelo de Monterrei (1986-1996); centro de cálculo e servizos de Caixa Galicia (A Coruña, 1983); residencia escolar de Benquerencia (San Cosme de Barreiros, 1972); vivenda unifamiliar en Montecelo (1976); vivendas en Oleiros (1974); vivendas na avenida da Mariña (A Coruña, 1969); casas en Vilalba (1975); Estadio Multiusos de San Lázaro (Santiago de Compostela, 1990); Complexo deportivo Santa Isabel (Santiago de Compostela); Conservatorio de música (A Coruña, 1985); Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña (1993); Escola Oficial de Idiomas (A Coruña, 1980); Facultades de Matemáticas e Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (1978)

Era consciente Albalat de que as leis económicas de España impedían o desenvolvemento dunha arquitectura máis humana e social. En canto puido, apoiou a construción de vivendas familiares, novos espazos de convivencia social, que preanunciaban a liberdade artística.

O ENCONTRO COA GALEGUIDADE

Non nacera Albalat nunha familia galeguizada e ademais formárase lonxe de Galicia. E, non obstante, non mantivo posturas irreducibles e foise achegando á cultura galega, especialmente ao seu idioma. Dous foron os motivos da súa conversión: a amizade e colaboración con Isaac Díaz Pardo, para o que traballou en Sargadelos construíndo a fábrica, que é un modelo de construción en Galicia, e o edificio do Castro, en Sada, e quen se arrimaba a Isaac saía *ipso facto* galeguizado.

Por outra parte, cómpre ter en conta a forza coa que se organiza a arquitectura galega que forma parte da agrupación de León e Asturias e da que se separa para constituír a súa propia unidade. Profesor da Escola e decano do Colexio de Arquitectos de Galicia, Albalat foi asentándose na cultura galega: foi nomeado director do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, académico de número da Real Academia Galega e outros honores que o foron cosendo á cultura galega.

A FAMILIA

Nunha entrevista que lle realizaron fóra de Galicia sobre a súa visión dos problemas da arquitectura do momento, Albalat, que respondía coma quen repite unha música moitas veces interpretada, ve que un dos presentes lle preguntaba pola familia, e subitamente aparece o verdadeiro Albalat: con ollos acendidos e coma se pasasen pola súa mente os nomes da muller e dos fillos, viviu un momento de plenitude. A súa familia formaba parte do seu amor máis íntimo e lembreime das veces que me fora informando sobre a súa muller e os seus fillos.

Morreu como un home xusto e así o lembrarei sempre.